

TEMAS DE LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E COMEZOS DO XXI

EMILIO
UXÍO RISCO
MARÍA NOVONEYRA
FERRÍN FOLE POZO CUNQUEIRO FERREIRO OTERO
MÉNDEZ VILAS AMOR BLANCO CELSO ANTONIO CASTELAO
LUZ NEIRA ANXEL
PEDRAYO



*Unha lingua é máis ca unha obra de arte, é matriz
inesgotable de obras de arte.*


CASTELAO

IES ISAAC DÍAZ PARDO.
CURSO 2020/2021


Índice

TEMA 1.- A POESÍA DAS IRMANDADES DA FALA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS.....	6
TEMA 2.- A POESÍA DE VANGARDA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS.	9
TEMA 3.- A PROSA DO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX: AS IRMANDADES E O GRUPO NÓS (NARRATIVA, ENSAIO E XORNALISMO).	14
TEMA 4.- O TEATRO DO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX: IRMANDADES, VANGARDAS E GRUPO NÓS.	18
TEMA 5.- A POESÍA ENTRE 1936 E 1975: A XERACIÓN DO 36, A PROMOCIÓN DE ENLACE E A XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS.....	22
TEMA 6.- A PROSA ENTRE 1936 E 1975: OS RENOVADORES DA PROSA (FOLE, BLANCO AMOR, CUNQUEIRO E NEIRA VILAS).	27
TEMA 7.- A NOVA NARRATIVA GALEGA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS.	31
TEMA 8.- O TEATRO GALEGO ENTRE 1936 E 1975: A XERACIÓN DOS 50 E O GRUPO DE RIBADAVIA.	34
TEMA 9.- A LITERATURA DO EXILIO ENTRE 1936 E 1975: POESÍA, PROSA E TEATRO.....	37
TEMA 10.- A POESÍA DE FINS DO XX E COMEZOS DO XXI. TEMAS E AUTORES DOS 80 E DOS 90. POETAS E TENDENCIAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES.....	41
TEMA 11.- A PROSA DE FINS DO XX E COMEZOS DO XXI. TEMAS E AUTORES DOS 80 E DOS 90. PROSISTAS E TENDENCIAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES.....	44
TEMA 12.- O TEATRO DE FINS DO XX E COMEZOS DO XXI. TEMAS E AUTORES DO 80 E DOS 90. DRAMATURGOS, TENDENCIAS E COMPAÑÍAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES.....	48

ESQUEMA BÁSICO DA HISTORIA DA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E COMEZOS DO XXI




POESÍA DE POSGUERRA (ATA 1975)



A LITERATURA DENDE 1975 ATA HOXE

A autonomía política e as súas consecuencias institucionais e sociais fixeron deste último cuarto de século un período fecundo, incorporándose á literatura galega moitos novos autores que aportan novos acentos á poesía e ao xénero narrativo. O teatro, aínda que menos, tamén está a coñecer unha etapa de desenvolvemento. O ensaio e outras formas de prosa non narrativa tamén se están a proxectar. Quizais o aspecto máis destacable e novidoso no noso panorama literario sexa o peso acadado pola literatura destinada ao público infantil e xuvenil.



TEATRO

Aparecen autores novos como Xesús Pisón, Joao Guisan Seijas, Miguel Anxo Fernán-Vello, Cándido Pazó, Miguel Anxo Murado e Inma A. Souto que van posibilitar a progresiva normalización da nova dramaturxia.

LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Frecuentemente premiada fóra das nosas fronteiras. Algúns dos seus autores, aínda que ningún deles se dedica en exclusiva a este xénero son: Paco Martín, Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey...

ENSAIO

Aparecen autores especializados en Historia como Xosé Ramón Barreiro e Ramón Villares e tamén en temas de lingua, literatura e sociolingüística como Xesús Alonso Montero, Manuel Portas, Dolores Vilavedra...

Contexto político, social, cultural e lingüístico de 1900-1936: a preguerra

ISTO SERACHE MOI ÚTIL PARA OS 4 PRIMEIROS TEMAS DE LITERATURA, DEBES RESUMILO E INSERILO NO COMEZO DE CADA TEMA:

- 1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características autores e obras representativas.
- 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
- 3.- A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
- 4.- O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

E PARA O TEMA 4 DE SOCIOLINGÜÍSTICA:

- 4.- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

O período que abarca dende 1900 a 1936 suporá un avance tan grande para a nosa cultura que podemos cualificalo como un 2º rexurdimento para as nosas letras, do que eran conscientes os propios protagonistas. Comeza coa fundación das **Irmandades da Fala** no 1916 e remata coa guerra civil española e as súas consecuencias para a literatura galega no interior do país: o silencio.

O 1º terzo do século XX veu marcado por unha serie de cambios sociais, políticos e económicos que romperon coa liña de atraso das estruturas do país. Dentro dos cambios sociais prodúcese a caída da fidalguía coa redención dos foros, o campesiñado convértese no propietario de pequenas explotacións; consolídase a pequena burguesía coa eclosión da industria conserveira e o notable aumento da construción naval, comercio do gando, bancos...; prodúcese un moderado crecemento da poboación, a pesar do fenómeno migratorio, aumenta a poboación adicada ao sector secundario e terciario, diminúe o sector primario que conleva o aumento da poboación urbana, sobre todo nas cidades de Vigo e A Coruña.

A poboación galega organízase para defender os seus intereses:

1º Movemento agrario: o campesiñado organízase en sociedades agrarias e sindicatos agrícolas para loitar contra o caciquismo, os foros, as cargas dos impostos e o atraso nas explotacións agrarias. *Acción Gallega* liderada por Basilio Álvarez foi unha das sociedades agrarias máis combativa contra o caciquismo e a loita pola consecución da propiedade da terra, introducen fertilizantes e nova maquinaria no agro. Isto supuxo a modernización económica da agricultura e a mellora cultural do campesiñado.

2º O nacionalismo: renóvase o ideario galeguista, entendido como "movemento que pretende redescubrir os sinais de identidade nacional de Galicia así como a consecución do poder sobre o seu propio país para o conxunto do pobo galego". Atrás quedan o Provincialismo, o Federalismo e o Rexionalismo do XIX, na I Asemblea Nacionalista das **Irmandades da Fala** (Lugo, 1918) redactáronse as bases do Nacionalismo galego: autonomía integral para Galicia dentro dunha Federación Ibérica; Galicia dentro da Sociedade das Nacións; cooficialidade do galego co castelán...

En Monforte, 1922 prodúcese unha escisión no seo das Irmandades da Fala:

- a) partidarios da loita política: Irmandade da Coruña que continúa utilizando as siglas de Irmandades da Fala e rexentando *A nosa Terra*. No 1931 fundan o Partido Galeguista que aglutina as ideas culturalistas do grupo Nós co programa político das Irmandades, no contexto político da II República española o Partido Galeguista uniuse ás forzas de esquerdas na Fronte Popular que acadou bos resultados nos comicios na España de 1936. Lograron así sacar adiante o Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado en referendo o 28 de Xuño 1936. O 18 de Xullo estala a Guerra Civil española o que impediría poñelo en práctica.
- b) partidarios da loita cultural: con Risco á cabeza seguen unha dirección neotradicionalista, rexeitan a participación política e céntranse na defensa de Galicia como depositaria dunha cultura de seu que debe europeizarse e universalizarse pero sempre a partir das raíces culturais propias, nace o **Grupo Nós**. Dese interese polo estudo e a investigación da cultura galega (historia, xeografía, etnografía, arte... galegas) nacerá en 1923 o **Seminario de Estudos Galegos**.

Neste florecente período a nosa lingua conquistou novos espazos literarios e culturais: ensaio, teatro, traducións doutras linguas, modernizouse a poesía (vangardas), a prosa (relato curto e a novela longa); creáronse revistas, editoriais, a Escola Dramática Galega...; o galego comezou a usarse en actos públicos, publícanse estudos filolóxicos e gramáticas, en fin, acadou os chanzos dos ámbitos culturais dos que se vira relegada durante tantos séculos.

Tema 1.- A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.

A literatura galega nas portas do século XX recolle a herdanza do *Rexurdimento*, pero as novas ideas e a nova situación social van modificando o panorama literario. A sociedade galega coñeceu nas primeiras décadas do século XX unha actividade sen precedentes dende había moito tempo e a nova literatura será reflexo da nova situación. Os poetas do tempo das *Irmandades da Fala* (1916) van superando os esquemas da literatura decimonónica e abrindo novos horizontes cunha clara apertura aos movementos literarios da época.

Asistimos nos primeiros anos do século XX a profundos cambios sociais en Galicia: o derrube definitivo da fidalguía, a consolidación dunha pequena burguesía industrial e financeira e sobre todo, o movemento agrario, no que o campesiñado participou activamente a través das sociedades agrarias e dos sindicatos agrícolas. Basilio Álvarez, crego ourensán que en 1910 fundou *Acción Gallega*, vai estar relacionado directamente cos dous máximos representantes desta xeración que se move a cabalo entre dous séculos: Antón Noriega Varela e Ramón Cabanillas

Por outra banda, as *Irmandades da Fala* constituíronse en 1916. Os irmáns Antón e Ramón Vilar Ponte foron dous dos seus líderes. *A Nosa Terra*, periódico voceiro das irmandades, espalla o ideario deste movemento que podemos resumir en dous grandes obxectivos: autonomía integral para Galicia no camiño dunha federación de pobos libres da Península Ibérica e oficialización da lingua galega no noso país.

Neste contexto social e político xorden Antón Noriega Varela, Ramón Cabanillas Enríquez como os máis xenuínos representantes dos poetas que serven de ponte entre o legado decimonónico e a literatura

galega do século XX, aínda que sen conciencia de grupo xeracional, illados e sen conexión. Quizais o único aglutinante foi o agrarismo de Basilio Álvarez.

ANTÓN NORIEGA VARELA

Mondoñedo (1869)- Viveiro (1949). Coñecido como o “Poeta da Montaña”. Esta caracterización tópica como cantor da montaña ou do ermo oculta outra variedade de rexistros (poesía erótica, vea anticaciquil) que o poeta tamén cultivou, se ben nunca se chegou a publicar. Ademais de dedicarse á poesía tamén foi autor de dúas obras que recollen a literatura e os ditos populares da súa zona *A Virxe i a paisanaxe* e *Como falan os brañegos*, así como outras coleccións de cantigas, refráns e adiviñas.

A súa obra poética está recollida nun único libro que pasou por sucesivas transformacións e edicións: primeiramente titulouse *Montañesas* (1904) e na 3ª edición (1920) pasou a titularse *Do ermo*, é un exemplo claro da poesía tradicional continuadora da do séc. XIX. Todos os seus poemas teñen como tema á Galicia rural do interior, da que foi decidido defensor. As súas primeiras composicións enmárcanse claramente na liña do costumismo realista decimonónico. Hai un predominio dos motivos costumistas e nelas canta a dureza da vida dos labregos e a ledicia das súas festas. A medida que avanza a súa obra aumentan os poemas nos que o influxo do franciscanismo (de S. Francisco de Asís) se fai máis patente. Neles Noriega expresa as súas emocións a través dos detalles máis humildes da natureza: as “floriñas dos toxos”, as xestas, as uces, as “doíñas de rocío”... A súa identificación coa Galicia rural levou a este autor a rexeitar o Modernismo, máis propio de ambientes urbanos. En cambio si se nota a influencia do Saudosismo portugués (movemento poético de comezos do séc. XX. O seu principal impulsor foi Teixeira de Pascoães, poeta que ve na saudade a esencia do pobo e da cultura portuguesa). Esta influencia ponse de manifesto especialmente na evolución cara a unha lingua cada vez máis culta e a utilización progresiva de formas estróficas cultas.

Coa súa visión poética e impresionista da natureza inicia unha corrente, chamada **neovirxilianismo**, que máis adiante seguirían A. Iglesia Alvariño e Xosé Mª Díaz Castro, entre outros.

RAMON CABANILLAS (Cambados, 1876- 1959)

Debido, entre outras cousas á súa lonxevidade, é difícil encadralo nunha época determinada. Tendo en conta a súa vinculación co **Agrarismo** (escribiu o himno de Acción galega) e con Basilio Álvarez, situámolo nesta etapa. Cómpre, con todo, recordar que a súa obra poética atravesará tamén as dúas etapas seguintes.

Encádrase dentro da Xeración das **Irmandades da Fala**. A súa peripecia biográfica e intelectual asimíllase á dos irmáns Villar Ponte, Castelao, Risco, Otero, etc.. Cabanillas participa con eles nas mesmas empresas galeguizadoras, dende o **Seminario de Estudos Galegos** ao **Partido Galeguista** e colabora nas principais publicacións periódicas alentadas dende as Irmandades: *A Nosa Terra*, *Rexurdimento*, *Nós* etc.. Estas fixeron del e da súa obra un auténtico estandarte ao cualificalo como “Poeta da Raza”, é dicir, sucesor de Rosalía, Curros e Pondal.

Co tempo, o ton sanguinario e vingativo presente nalgúns dos poemas que animan á loita agrarista irá desaparecendo, xa que acaba aliñándose co sector máis conservador e culturalista das Irmandades, o que hoxe coñecemos como “**Grupo Nós**”. Comparte cos seus membros unha profunda relixiosidade, unha idea tradicionalista de Galicia identificada cos valores e formas de vida rurais e certo escepticismo ante calquera sistema de goberno. Ninguén coma el foi capaz de dar forma poética ao culturalismo de V. Risco, afrontando a necesidade de elaborar mitos identificadores, de pescudar no pasado para construír símbolos útiles á concienciación nacional programada dende as Irmandades.

Acostúmase clasificar a súa obra en **poesía lírica e poesía narrativa**.

A)- **Poesía lírica**. Dende o seu 1º libro *No Desterro* (1913), a poesía lírica de Cabanillas maniféstase en tres direccións principais:

1.1- Poesía social ou combativa, de carácter agrarista e anticaciquil.

Ata hai pouco Cabanillas tivo a imaxe de poeta social. Basilio Álvarez prologa este libro e considera a Cabanillas coma o sucesor de Curros, o novo "flaxelador" lírico das inxustizas sociais. Os poemas contestatarios de Cabanillas foron os que acadaron máis sona, pero no conxunto da súa obra o seu número é reducido.

1.2- Poesía intimista, de inspiración romántica que lembra a Bécquer, Rosalía e a A. Machado. Estes poemas refírense sobre todo á Natureza e ó amor.

1.3- Poesía costumista, pero con intención humorística ou crítica. Distínguese tamén do costumismo do séc. XIX en certas novidades formais que sinalan a pegada do Modernismo.

Cómpre citar as seguintes obras: *Vento mareiro* (1915); *Da terra asoballada* (1917); *A rosa de 100 follas* (1927); *Antífona da cantiga* (1951); *Da miña zanfoña* (1954); *Versos de alleas terras e tempos idos* (1955); *Samos* (1958).

B)-**Poesía narrativa**. A relación de Cabanillas coa Xeración Nós levouno a participar na propagación do nacionalismo. A principal aportación de Cabanillas á consolidación do espírito nacionalista foi a creación e divulgación dun pasado mítico, a través de *Na noite estrelecida* (1926). É esta a obra cume do autor, emparentada coa prosa medieval, marca en tres partes ou sagas distintos episodios da Materia de Bretaña: "A espada Escalibor", "O cabaleiro do Santo Grial", "O sono do rei Artur". Cabanillas refunde a Materia de Bretaña e engade novos elementos; por exemplo, a presenza de Galicia: as paisaxes son galegas, Escalibor está chantada na illa de Sálvora (Pontevedra), Galahad atopa o Grial no Cebreiro, a terra redimida será Galicia, Artur dorme nunha fuma á espera de novos tempos... Outros elementos proveñen do mundo céltico creado por Pondal e Murguía.

Na noite estrelecida é a adaptación de materiais moi diversos ó servizo da visión que Cabanillas desexaba para a nosa historia. Esta mesma concepción foi a que moveu no século anterior a Pondal: tratábase de crear as nosas glorias históricas, de glosar a nosa propia mitoloxía, os nosos propios heroes, apoiarse nun pasado mítico para avanzar cara a un futuro glorioso, esquecendo os males do presente. A

mensaxe da obra é: a saudade, sentimento da raza, fai lembrar un paraíso perdido e desexa recuperalo, ansía a redención e a liberación da terra galega.

A nova materia poética trae consigo un novo tratamento formal: a linguaxe é máis rica e conceptuosa; son máis frecuentes as referencias eruditas; créase un sistema pechado de símbolos de raíz culta... No tocante á versificación bota man de metros antes inusuais na súa obra coma o alexandrino, se ben alterna o seu uso con romances e outras estrofas populares.

De carácter narrativo é tamén *O bendito San Amaro* (1925), biografía deste santo galego. *Camiños no tempo* (1949), que é unha recompilación da súa poesía narrativa; *Samos* (1958).

A principal característica da obra de Cabanillas, a cabalo entre dous séculos, é que nel atopamos influencias dos autores do Rexurdimento: Rosalía, Curros e Pondal, así como pegadas dos movementos poéticos de primeiros de século, especialmente do Saudosismo e Modernismo. Cabanillas asume o Modernismo dende as súas peculiares características de moderación, sobriedade e naturalidade, máis próximo en ocasións a Machado que a Rubén Darío.

A obra poética destes dous autores veu renovar e modernizar a poesía galega, atopando a fórmula capaz de conciliar a tradición e a modernidade. Serviu de ponte entre a poesía tradicional do séc. XIX e as vangardas poéticas de principios do XX.

(1.458 palabras)

Tema 2.- A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.

A comezos do século XX prodúcense importantes cambios na sociedade mundial: no ámbito político foi un período moi conflitivo xa que se produce a I Guerra Mundial, a revolución rusa e, posteriormente o ascenso do fascismo en varios países de Europa. Na economía hai que salientar o crak da bolsa de New York en 1929, unha das situacións máis graves do sistema capitalista. Mentres, en Galicia os campesiños organízanse en sindicatos agrarios que conseguen a abolición dos foros; desenvólvese o movemento nacionallista que ten a lingua e a cultura como bandeira e a súa normalización será un dos principais obxectivos. O mundo artístico non será alleo a todos estes cambios e xorden unha serie de movementos de renovación coñecidos como **vangardas** ou **ismos** que se desenvolven , fundamentalmente, nas artes plásticas e na poesía, marcadamente violentos e demoledores con respecto á creación artística precedente, froito da forte convulsión na sociedade do momento. Responden a un novo cuestionamento teórico das artes , e as distintas solucións reciben o nome de ismos: Cubismo, Dadaísmo, Creacionismo, Futurismo, Surrealismo... Características comúns a todos eles son:

- ✚ Antisentimentalismo: rexeitan os sentimentos como materia artística.
- ✚ Deshumanización: o artista elude toda referencia ao ser humano.
- ✚ Busca da arte pura: evitan as referencias ao mundo real. O artista non é imitador senón o creador dunha realidade autónoma.

- ✚ Innovación lingüística: ruptura da orde sintáctica lóxica, escrita irracional e automática, imaxes sorprendentes...
- ✚ Manifestos: difunden as súas ideas artísticas a través de textos coñecidos como “*manifestos*” de carácter innovador e provocativo.

En Galicia os escritores nados arredor de 1900 (novecentistas, vangardistas ou xeración do 25) levaron a cabo a renovación da lírica galega incorporando as novidades das vangardas europeas. Esta renovación estableceu as fronteiras entre a poesía decimonónica e a moderna poesía galega. Prodúcese unha confluencia destas correntes vangardistas coa conciencia nacionalista e o florecemento cultural creado polas **Irmandades da Fala** e o **Grupo Nós**.

Os signos externos de carácter literario que nos permiten agrupalos como xeración son :

- ✚ A existencia dun texto doutrinal: manifesto **Máis alá!**
- ✚ A publicación dunha serie de revistas que foron o caldo de cultivo da nova literatura : **Alfar**, **Ronsel** (nelas van colaborar escritores dos máis prestixiosos do panorama mundial (André Breton, Unamuno, Azorín, Gerardo Diego...), **Resol**, **Yunque**, **Papel de Color**, todas elas de curta duración.
- ✚ A presenza de libros emblemáticos: *Proel* (Amado Carballo), *De catro a catro* (Manuel Antonio), *Nao Senlleira* (Bouza Brey).
- ✚ Un guieiro común : Vicente Risco

O espírito nacionalista, herdado da xeración precedente, e mais a descuberta dos Cancioneiros medievais contribuíron a configurar unhas vangardas galegas orixinais e non miméticas, arredadas da deshumanización da arte presente na maior parte dos ismos. Estas incursións rupturistas introducen nas súas composicións poéticas algunhas características vangardistas, dunha maneira bastante moderada e non chegando estas a constituír nunca o eixo central da súa poesía, agás o caso de Manuel Antonio. Referímonos , sobre todo, a correntes como o **Neotrobadorismo** e o **Hilozoísmo** que podemos clasificar como “*vangarda matizada*”.

HILOZOÍSMO OU ANIMISMO. Representado fundamentalmente por Luis **Amado Carballo**. Este autor como poeta publicou en vida un só libro: *Proel* (1927), postumamente apareceu *O galo* (1928). O influxo de Amado Carballo na literatura galega foi moi grande; non só marcou aos autores da súa época, senón que se prolongou ata os anos 60, cando a poesía de denuncia irrompe no panorama literario galego. O hilozoísmo foi unha das tendencias que máis éxito alcanzou no seu momento e chegou a constituír unha auténtica escola. A **paisaxe humanizada** conformará o seu motivo principal. Non se pode considerar unha corrente plenamente vangardista, senón esencialmente conservadora, na que se introducen algúns trazos novidosos. Así, é conservador canto á forma xa que mantén a rima e os metros utilizados na literatura popular. Tamén na temática paisaxista é continuador da tradición galega centrada na paisaxe; pero hai renovación porque asistimos á **personificación** da paisaxe con imaxes novas e rupturistas. O Hilozoísmo aproxímase ao Ultraísmo e Creacionismo nas súas imaxes e metáforas audaces, abertas ao sensorial, acústico e auditivo, e que se afastan do sentimentalismo e da anécdota. A ausencia do elemento humano concorda coa cousificación vangardista, compensada coa animación da paisaxe que pasa a ser protagonista e non simple decorado.

NEOTROBADORISMO

Bouza Brey (Pontevedra 1901- Santiago 1973) é o iniciador-creador da escola neotrobadoresca que contaría cun bo número de seguidores, entre eles Alvaro Cunqueiro. A divulgación da lírica medieval provoca o nacemento dun movemento poético orixinal, coñecido co nome de neotrobadorismo. Caracterízase por utilizar certos elementos da lírica medieval, especialmente da cantiga de amigo, como son : o paralelismo, o refrán e o leixaprén. A estrofa mantén tamén o cómputo silábico e a rima. Polo demais, non se trata dunha copia total, senón que na lectura que se fai do cancionero amoroso, salientáanse os aspectos populares, a inxenuidade, o esteticismo e o primitivismo, que caracterizan tamén a unha liña ensaiada na vangarda europea, o neopopularismo (Lorca, Alberti, Pessoa e outros poetas da época).

Este movemento converterase nunha moda con grande número de cultivadores, entre os máis representativos cabe citar a Fermín Bouza Brey -o seu iniciador, coas obras poéticas *Nao senlleira* (1933) e *Seitura* (1955) e **Álvaro Cunqueiro** na obra *Cantiga nova que se chama ribeira* (1933). Continuará mesmo na posguerra, representando a fórmula menos comprometida de reanudación do cultivo literario do galego na ditadura franquista. Xosé M^a Alvarez Blázquez pon fin a esta tendencia en 1953 coa publicación do seu *Cancioneiro de Monfero*, que fai pasar por un auténtico cancionero do século XIII.

Ademais destas tendencias e autores que dalgunha maneira conxugan, como vimos, tradición e modernidade, hai outra estética máis audaz que se relaciona cos principais ismos europeos e americanos, fundamentalmente **creacionismo e surrealismo**, aínda que tamén hai trazos **cubistas, futuristas...** Falamos neste caso de **“vangarda plena”** na nosa poesía. Non hai autores que se adscriban a unha escola concreta, senón que participan do sincretismo xeral, é dicir, aproveitan e combinan temas, actitudes, recursos, presentes nas correntes novidosas do século XX, facendo unha interpretación persoal das correntes de vangarda.

Entre estes hai que sinalar especialmente dous autores: Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro.

MANUEL ANTONIO (Rianxo 1900-1930).

En 1972 publicouse a obra completa de Manuel Antonio, ata entón inédita a excepción do único libro que publicou en vida: **De catro a catro** (1928). Ademais deste hai que citar: *Con anacos do meu interior*, *Foulas*, *Sempre e máis despois*, *Viladomar*. Este autor representa un fito illado dentro da nosa literatura, non tivo seguidores, a diferenza do que ocorrera co neotrobadorismo e o hilozoísmo. A súa irrupción nas letras galegas supón unha auténtica ruptura coa tradición que el realiza de forma consciente tal como expón no seu manifesto **Máis alá!** (asinado por el e polo debuxante Álvaro Cebreiro): crítica ao ruralismo de moitos escritores do momento, os “vellos” que escriben hoxe coma hai un século; os “antepasados” (Rosalía, Curros e Pondal); os “pollitos bien”, escritores galegos que escriben en castelán...; propoñen unha nova estética baseada na liberdade do artista e na orixinalidade, na independencia de calquera movemento; defenden a nosa lingua: monolingüismo en galego e fan un chamamento á mocidade galega para que rompa co pasado e busque o seu propio camiño.

A vangarda maniféstase en *De catro a catro* tanto no plano da **forma** como no do **contido**: nova disposición tipográfica dos versos no poema, ausencia de puntuación, utilización do verso libre, liberación no uso da sintaxe e da lóxica gramatical, novo xeito de entender a metáfora que dará paso a combinacións ousadas e orixinais, nova visión na elaboración argumental do poema... Elementos tomados do **creacionismo**: obxectividade, oposta ao sentimentalismo e intimismo románticos; afastamento do contido, a voz poética non expresará con emoción sentimentos como o amor e a morte; o humorismo, co cal se consegue evitar unha lectura sentimental dos versos; a anulación da secuencia espacio-temporal... Esta última característica hai que relacionala, sobre todo coa concepción **cubista** do espazo e do tempo, corrente na que ambos aparecen dislocados, anulados. O tempo deixa de considerarse unha sucesión lineal e procúrase a captación do instante, da simultaneidade, de aí que en moitas ocasións as seudoestrofas non teñan unha orde determinada e o poema poida empezar a lerse por calquera delas. Do **futurismo** é a renovación da linguaxe poética, aparecendo estranxeirismos, linguaxe científica, terminoloxía técnica ou mecanicista coa que se nos dá unha imaxe menos convencional e menos idealizada do mar.

Pero o poeta rianxeiro peneira as innovacións das vangardas e non cae no simple mimetismo. Así, a vivencia da natureza, a solidariedade co mar e co cosmos, o sentimento e preocupacións existenciais, afastan a súa poesía do xogo intranscendente e da deshumanización propia dos ismos. En canto ao **contido** podemos facer múltiples lecturas, desde a evocación poética dunha travesía marítima con base nunha viaxe real: “Intencións” (poema 1º) - “Adeus” (poema 19), no medio 17 poemas (gardas interminables, calmas chichas do mar, “Recalada” nun porto, visita a unha tasca mariñeira “Navy Bar”); ata unha lectura de carácter filosófico: a ilusión do 1º poema aparece negada e a saudade do último coincidirían na frustración existencial, os poemas son metáforas de sensacións, experiencias e reflexións dunha alma náufraga e desamparada que considera que a vida é un monótono ir e vir constante sen horizontes, que toda travesía remata no fracaso existencial e non hai espazo para esperanza. O BARCO (Constantino Candeira) fai unha viaxe polo MAR, esta é unha viaxe polo interior do poeta. A viaxe comeza co poema “Intencións” que recolle a ilusión pola aventura que está a punto de emprender.

Nesta viaxe interior o suxeito lírico descobre:

1. A fatiga polo paso do tempo que o fai de maneira repetitiva, provoca fastío, monotonía, aburrimiento. Todo nesta vida se repite, o tempo pasa de maneira inexorable (*reloxos, calendarios...*), pero non trae nada novo.
2. A soidade do ser humano nesta vida, facemos esta longa viaxe pola vida sen compañía.
3. A morte que nos espera ao rematar esta travesía ou singradura (que é a vida) está presente en todo o poemario: *naufraxios, afogados, despedidas...*
4. O extravío existencial: viaxamos pola vida totalmente desorientados, sen rumbo, perdidos, sen unha meta máis que a morte.

Na metade do poemario/desta viaxe fai un descanso, baixan a terra: “Recalada” e “Navy bar”, nestes poemas os mariñeiros beben, cantan, descansan, para descubrir que tamén aí sente soidade e monotonía. O poemario/ a viaxe/ a singradura remata co poema “Adeus”, chegada a terra e despedida do barco, no seu interior queda a saudade por ese tempo que soñaba e agora sabe que non pode alcanzar.

Esta é unha viaxe iniciática que lle serve ao suxeito lírico para coñecerse, para regresar anovado pola experiencia vivida no mar, rodeado dunha paisaxe (*noite, estrelas, ceo nocturno, sol, illa, vento...*) que usa para exteriorizar os seus sentimentos íntimos.

ÁLVARO CUNQUEIRO autor de poemas neotrobadorescos (*Cantiga nova que se chama ribeira* 1933), publica dous poemarios que se encadran perfectamente na estética de “vanguardia plena”. O rupturismo coa tradición e a novidade de Álvaro Cunqueiro son nestas obras equiparables aos de Manuel Antonio. Trátase de *Mar ao Norde* (1932) e *Poemas do si e do non* (1933).

Mar ao norde son composicións moi breves que teñen como tema común o mar. Un mar que non se parece en nada ó da poesía mariñeira de tradición galega, senón que é abstracto e estático e lémbraños, en certa medida, ao mar de Manuel Antonio. Non se pode adscribir a un ismo concreto, aínda que Carballo Calero fala de **influencias cubistas**.

En *Poemas do si e do non* relátase unha historia de amor, conformando o erotismo unha das características fundamentais do libro. Estamos ante poemas abstractos nos que son frecuentes os paradoxos e as asociacións semánticas máis insólitas que desembocan en imaxes completamente irracionais, de aí que se teñan sinalado **influencias surrealistas**.

Aínda que non pertence a ningunha das tendencias das que falamos anteriormente, cómpre tamén lembrar a figura de **Luís Pimentel** (Lugo 1895-1958). Polo seu nacemento cae de cheo nesta xeración, aínda que a súa obra aparecerá con posterioridade, na posguerra. En vida só publicou algúns poemas en "Ronsel" e outras revistas da época, e un folleto de 8 poemas *Triscos* (1950). No 1959 aparece *Sombra do aire na herba*, que recolle case todos os seus textos galegos. Os versos de Pimentel son resultado da asimilación dun grande número de influencias: Romanticismo, Modernismo, Vangardas... A influencia das vangardas débese a utilización do verso libre; a concepción da arte como actividade lúdica; o humor; as referencias á arte cinematográfica; a fragmentación poemática, articulando o texto nun todo composto por unha especie de collages... Pero son pegadas illadas, ningún deses trazos define a súa poesía.

A gran aportación destes poetas vangardistas á nosa literatura foi ser quen de universalizala, modernizala, incorporando á nosa poesía os principios estéticos e as novidades dos principais movementos vangardistas europeos, iso si, inserindo os nosos sinais de identidade evitaron a simple mímese. De feito, a obra de Manuel Antonio foi unha proposta tan avanzada para o seu tempo, que houbo que esperar aos poetas de finais dos 70, quen o tomou como modelo, para que fose valorado axeitadamente, hoxe en día é un dos poetas máis recoñecidos e influíntes da literatura contemporánea.

(2.187 palabras)

Tema 3.- A prosa do primeiro terzo do século XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).

A prosa galega acadou por obra dos homes da **xeración das Irmandades** un desenvolvemento que non tivera ata entón. Hai neste tempo unha abundante prosa didáctica ou propagandística: discursos, conferencias, ensaios, tratados de política..., como medio de expresión da ideoloxía nacionalista. A este labor desenvolvido polo movemento das Irmandades da Fala sumáronse varios grupos de intelectuais. O grupo ourensán deste grupo xeracional, composto por Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas, conferiulle á cultura galega unha altura que non tivera ata entón. Con eles a narrativa galega ábrese a horizontes novos, máis universais e, ao mesmo tempo, máis enraizados na nosa cultura. O **Grupo Nós**, así chamado polo título da revista que publicaron, son os representantes dunha xeración de “inadaptados” que descubrirían e se achegarían a Galicia despois dun período intelectual por culturas estrañas. En estreita relación con este grupo, chamado tamén *cenáculo ourensán*, sitúase a figura inmensa de **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao**.

A figura de **Antón Villar Ponte** (fundador no 1916 das Irmandades da Fala) cobra especial relevancia polo seu labor periodístico e por iniciar o ensaísmo político. Foi autor de numerosas prosas de propaganda nacionalista baixo a forma de discursos, conferencias e artigos, recollidos na escolma *Pensamento e sementeira*, 1971. Nesta liña debemos situar tamén a **Lois Porteiro Garea**, do que quedan sobre todo pezas oratorias sobre o galeguismo. Hai que sinalar a **Xoán Vicente Viqueira**, catedrático de filosofía e autor de numerosas prosas de carácter galeguista, ensaios, artigos e conferencias, como outro dos autores destacados deste tempo das Irmandades.

O labor de creación das canles de expresión necesarias para a difusión literaria e cultural foi fundamental no proceso de modernización da narrativa galega que se desenvolveu neste período. A **actividade editorial** adquiriu un pulo sen precedentes. Ademais de *A Nosa Terra* (Idearium das Irmandades da Fala) e a Revista *Nós* “Revista mensual da cultura galega”, a prensa en castelán contaba con frecuentes seccións en galego. A máis importante, a sección “¡Terra a nosa!” do xornal coruñés *El Noroeste*. A revista *Céltiga* (creada por Xaime Quintanilla en Ferrol) e a editorial *Lar* (fundada en 1924 por Ánxel Casal) resultaron tamén decisivas para a consolidación da prosa.

O **Grupo Nós** supuxo a consolidación e modernización da prosa galega nos seus máis variados rexistros (narrativa curta, novela, ensaio, discurso científico...). Conformen este grupo: Vicente **Risco**, **Otero Pedrayo**, Florentino **Cuevillas**, Losada Diéguez e **Castelao**, levaron adiante unha das empresas culturais máis importantes para as nosas letras, a revista *Nós*.

Case todos responden a unha serie de características que os definen como grupo, agás Castelao:

- extracción social acomodada
- ideoloxía: tradicionalismo fidalgo, Galicia é un país de base labrega, alleo ao capitalismo, a elite fidalga fará un papel dirixente social.
- posúen unha formación inicialmente desvinculada da tradición galega, pero moi forte, con estudos universitarios, coñecedores de varios idiomas, polifacéticos.

- son os creadores da moderna prosa galega: introducen temas universais , lexendarios, exóticos, ambiente urbano e temas filosóficos. Coñecen as innovacións da cultura occidental, pero adáptanas á nosa realidade e parten da especificidade galega.
- sofren unha evolución:
 - 1ª etapa: Cenáculo Ourense, Risco e Otero fundan en Ourense a revista “*La Centuria*” . Neste momento rexeitan por vulgar o medio no que viven, buscan elementos exóticos, manteñen unha postura elitista e de aristocraticismo intelectual. Son europeístas con respecto a España e orientalistas respecto a Europa. Defínense como individualistas, antigregarios, dandis e extravagantes.
 - 2ª etapa: incorpóranse ás Irmandades da man de Losada Diéguez, Galicia enche o seu quefacer intelectual e adhírense ao galeguismo. Esta evolución vese en *Dos nosos tempos*, de Cuevillas, *Arredor de si* de Otero e *Nós, os inadaptados* de Risco.
- Sacaron adiante 144 números da revista *Nós* (1920-1936) co obxectivo de europeizar e universalizar a cultura galega, pero sempre a partir das raíces culturais galegas. Nas súas páxinas recóllense artigos sobre literatura, arte, historia, xeografía, etnografía, política... de intelectuais galegos, portugueses, irlandeses...
- O seu labor desembocou na fundación do *Seminario de Estudos galegos*, institución que investigará sobre as diferentes áreas da cultura galega: Risco na literatura e na etnografía, Otero na historia, Cuevillas na prehistoria e Castelao na arte galega.

A obra de Vicente Risco

A personalidade de Risco sofre unha forte evolución dunha etapa pregaleguista, época de *La Centuria*, pasa a unha etapa galeguista na que ingresa nas **Irmandades da Fala** ata 1936, para rematar nunha etapa nacional-catolicista na que se aparta da literatura galega. Pero mantén ao longo da súa vida uns valores moi ríxidos : “individualismo e elitismo intelectual”, repudio, do home de espírito que é, ante as masas, o seu lema é “ser diferente é ser existente; “irracionalismo e crítica da ciencia”, a técnica trae a deshumanización do home e convérteo nun apéndice da máquina; “historicismo e culturalismo” a cultura occidental atópase nunha fase de decadencia; “espiritualismo e relixiosidade” a única saída á crise da cultura occidental é a recuperación dos valores cristiáns; “miticismo” é a clave do seu irrationalismo, regresa ao mito como forma de coñecemento das verdades transcendentais.

A súa produción literaria recibe o influxo do Modernismo, nunha 1ª etapa: *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros* : exotismo, esoterismo, non hai elementos galegos. Nunha 2ª etapa, ingresa nas Irmandades da Fala, convértese ao galeguismo, como etnógrafo coñece a tradición oral galega, lendas e contos populares, que combina con elementos simbolistas e pon a súa obra ao servizo do nacionalismo: “*A velliña vella*”, “*O lobo da xente*” “*A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*”, “*A Coutada*”. Neste momento tamén escribe o ensaio *Teoría do nacionalismo* no que recolle os elementos que compoñen a nación galega: lingua, tradición, costumes , raza, xeografía. A esta etapa tamén pertence a súa famosa obra ***O porco de pé*** con esta obra satírica búrlase da pequena burguesía aseñoritada que idolatra ao progreso, búrlase da Ciencia, da política, satiriza eses falsos discursos que levaron a esta sociedade a converterse en masa, capaz de aceptar como guía a persoas como D. Celidonio.

Na 3ª etapa Risco afástase do galeguismo, anos 30, e refúxiase nun catolicismo cada vez máis integrista, o seu pesimismo existencial reflíctese en *Mitteleuropa*, nunha viaxe por Europa desaproba a deshumanización das cidades, a impudicia, sente temor ante o marxismo e terminará xustificando a cruzada nazi, rematará adheríndose ao levantamento fascista de 1936.

A obra de Otero Pedrayo

Otero é narrador, orador, colaborador de xornais, poeta, dramaturgo, ensaísta, xeógrafo e historiador. Criticóuselle a mestura de xéneros que hai na súa obra: prosaísmo na poesía, narracións no teatro, lirismo no ensaio; erudición, síntese histórica e evocacións paixasísticas na súa novela. Pero quizais sexa aí onde radica a orixinalidade da obra deste autor.

Podemos clasificar a súa obra narrativa:

- a) **novelas histórico-culturalistas:** o historicismo e a evocación cultural predominan sobre a acción novelesca. *A romería de Xelmírez*, *Fra Vernerio*, interpreta os grandes momentos da cultura occidental, a Idade Media e o Romanticismo respectivamente, tratando de facer unha proxección universal de Galicia.
- b) **novelas histórico-realistas:** cunha trama máis elaborada, cun mellor debuxo dos personaxes fai un retrato histórico da Galicia rural do XIX e do tronso ao XX, da caída da fidalguía, do paso da sociedade do Antigo Réxime ao capitalismo. Os personaxes representan grupos sociais: o clero, a fidalguía, os campesiños, a paisaxe convértese en protagonista (lucos do día, cambios de estación), máis que novelas e relatos parecen ensaios novelados. *O purgatorio de Don Ramiro* e a súa novela longa ***Os camiños da vida*** que consta de tres partes e abarca dende a Desamortización de Mendizábal ata a revolución do 68 (sec. XIX), na 1ª parte, “Os señores da terra”, representa a decadencia das familias fidalgas do Antigo Réxime que dependían da posesión das terras e foron incapaces de adaptárense aos cambios da nova sociedade por falta de cultura, arruinándose eles provocaron o nacemento do caciquismo e a ruína dos campesiños que tiveron que emigrar. A ruína da Galicia tradicional da que os fidalgos eran a clase reitora non satisfacía a Otero Pedrayo por iso en “A Maorazga, e “O estudante”, 2ª e 3ª parte de *Os camiños da vida*, augura unha fidalguía futura, galeguista que sexa capaz de dirixir ao pobo galego. Mostra unha concepción tradicionalista e anticapitalista de Galicia común a Risco. Outras obras desta temática son: *O mesón dos ermos*, *Contos do camiño e da rúa*.
- c) **novelas psicolóxicas:** o conflito interior dos protagonistas interesa máis cás accións externas. Son unha crónica da contemporaneidade do autor, cargadas de elementos autobiográficos. En ***Arredor de si*** co seu protagonista Adrián Solovio asistimos á evolución que sufriron os homes do grupo Nós ata chegar ás Irmandades da Fala. *Devalar* retrata a simbiose entre o home e a terra que senten os mozos do Seminario de Estudos Galegos.

A obra de Castelao

Home polifacético, como membro do grupo Nós: artista plástico, debuxante, escritor, político, pero diferénciase do grupo Nós en: extracción social popular, afastado do aristocraticismo intelectual do grupo; home laico; non idealiza o pasado de Galicia (Risco e Otero si), progresista, non quere voltar a un pasado idílico, quere construír un novo futuro; a súa arte é directa, provocadora, busca a denuncia social, pona ao servizo do pobo galego; participa na vida política dende o primeiro momento ata o final da súa

vida (ingresa no **Partido Galeguista**, deputado nas Cortes no 31, e no 36, promóciona o Estatuto de Autonomía, defende dende o exilio a legalidade da República fronte ao fascismo a través do Consello de Galiza en Bos Aires).

a) A súa **obra plástica** constitúe un todo inseparable caracterizado polo seu compromiso coa xente que pasa necesidades, polo seu humorismo irónico e a sinxeleza dos trazos: *Álbum Nós, Cousas da vida, Cincuenta homes por dez réis, Debuxos de negros* e os álbumes de guerra: *Atila en Galiza, Galicia mártir* e *Milicianos*.

b) A súa **obra narrativa** componse de ***Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto*** son estampas similares ás do *Álbum Nós* na que denuncia os males da sociedade galega, por exemplo o caciquismo. En ***Cousas*** crea unha fórmula orixinal onde combina un debuxo, a modo de presentación, cun texto que funciona como desenvolvemento narrativo: mulleres, nenos, labregos, mariñeiros, fidalgos, burgueses protagonizan as súas páxinas para tratar os temas da emigración, as miserias do pobo, os abusos aos máis desprotexidos, a fame...

Retrincos son cinco relatos pretendidamente autobiográficos. A novela ***Os dous de sempre*** onde cada capítulo constitúe unha “cousa” co seu debuxo, representa dous tipos humanos: o espiritual e dinámico, Rañolas e o material e inmovilista, Pedriño. A obra reflicte o drama do pobo, a emigración e as inxustizas.

c) A súa **obra ensaística**: *Diario* que escribe en 1921 na súa viaxe por Europa, intenta combinar a tradición coa vangarda. *As cruces de pedra na Bretaña, As cruces de pedra na Galiza* estudan a arte popular.

Sempre en Galiza, (1944) recolle o seu pensamento político, a práctica política da época (a historia de Galicia e a súa relación con Castela e os nosos trazos diferenciais) e tamén fai unha proposta de liñas de acción de goberno: autodeterminación, superación do estado centralista por unha federación ibérica...

A obra de Rafael Dieste

Este autor pertence ao grupo dos “Novos” ou “Xeración do 25” que viven as vangardas e teñen unha clara vontade rupturista. O prosista desta xeración basicamente poética é Rafael Dieste coa súa obra ***Dos arquivos do trasno***, libro de relatos que recordan ás *Cousas* de Castelao, aos contos de Allan Poe e Borges.

Tres características definen esta obra:

- Importancia da técnica que mestura elementos populares: apelacións ao auditorio, digresións, historias encaixadas, referencias tempo-espazo; con elementos cultos: descrições plásticas impresionistas, rupturas temporais, feita lírica dalgunhas historias, comezos “in media res”, finais abertos.
- Temas: relatos fantásticos, elementos macabros, terroríficos, con misterio ou matiz extraordinario
- Orixe popular das historias: lendas e supersticións, personaxes de Rianxo de comezos do XX, cargados de adversidades, pobreza, morte, emigración, marxinação... pero descubren nalgúns casos a dignidade e a solidariedade.

Se o século XIX supuxo o Rexurdimento da nosa literatura, especialmente da poesía, os prosistas das **Irmandades**, da **Xeración Nós** e do **Seminario de Estudos Galegos** levaron a nosa prosa a un 2º rexurdimento abríndoa ás tendencias estéticas modernas, pero sen perder as nosas raíces culturais.

(2.031 palabras)

Tema 4.- O teatro do primeiro terzo do século XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

Antes de 1916 o teatro galego era escaso, falto de autores e carente de compañías teatrais. As obras tiñan todas unha ambientación rural, eran pezas breves, con personaxes labregas (meiga, cacique, moza acosada polo cacique...), estaban escritas en verso e nun galego dialectalizado, para darlle verismo á acción, non se trataba de reivindicar o idioma, ás veces pretendíase un efecto cómico (castrapo) fronte ao castelán como modelo culto. A temática destas obras podía ser social (anticaciquil): Lugrís Freire, A. Villar Ponte; costumista- humorística: cadros de costumes “gallegadas”; histórica; “lírica”: zarzuelas, operetas.

A partir de 1916 as **Irmandades da Fala** viron no teatro un medio para a difusión das súas ideas galeguistas. Por iso se propuxeron e conseguiron dar un salto cualitativo e cuantitativo para o teatro galego. Como o conseguiron? Pois escribindo e representando as súas obras teatrais en galego; introducindo novas técnicas e novos temas, tomados do teatro moderno europeo (simbolismo, folkdrama irlandés...); usando un modelo de lingua que desbotaba os vulgarismos e os dialectalismos; fundando pequenos grupos teatrais, cadros de declamación; traducindo ao galego obras de Shakespeare, Molière, Aristófanes; a sección de Cultura da Irmandade da Fala da Coruña fundou o “*Conservatorio Nazonal de Arte Gallego*” que desembocou máis tarde na “*Escola Dramática Galega*”.

Non tiveron unha tarefa fácil os membros das Irmandades da Fala porque se atoparon con moitos obstáculos no ámbito da dramaturxia: falta de autores teatrais e de actores ; era difícil publicar teatro en galego a pesar dos esforzos das editoriais *Lar*, *Céltiga*, *Nós*; o galego estaba moi desvalorizado nas capas medias e urbanas da sociedade que eran as destinatarias do espectáculo teatral; a aparición do cinema a comezos do XX reduciu a asistencia ao teatro.

Dentro das tendencias do teatro das **Irmandades da Fala** atopamos unha liña máis conservadora e outra moi renovadora que procura modelos nas literaturas europeas: nos ballets soviéticos, no teatro catalán, no folkdrama irlandés, no teatro simbolista. Tratan de dignificar o idioma galego, recollendo temas universais, que en galego se poden tratar temas non galegos, personaxes de altura...

Nesta tendencia está o teatro de **Antón Vilar Ponte**, crítico, autor e actor teatral, tradutor e coautor de *O Mariscal* con Ramón Cabanillas. Autor de *Almas mortas* na que denuncia o papel desgaleguizador de América nos nosos emigrantes. **Ramón Cabanillas** que coa súa obra *A man da santiña* (1921) pon en boca da clase alta un galego rico e fermoso, para tratar o tema dos casamento amañados, censurar a emigración e idealizar a fidalguía amante da terra. A obra de **O Mariscal** (1926) coa que mitifica a figura do Mariscal Pardo de Cella, axustizado por mor da súa rebeldía contra os Reis Católicos, poñéndoo así ao servizo dos ideais do nacionalismo dos anos 20. **Xaime Quintanilla** introduce personaxes non galegos e coa súa obra *Donosiña* provoca un escándalo por tratar temas como o adulterio e o divorcio.

Os escritores da Xeración do 25, os “Novos”, a xeración das **vangardas** tamén cultivou o teatro en menor medida cá poesía, debido aos atrancos xa citados. Moitos destes autores reveláranse como escritores teatrais na posguerra, uns no exilio e outros baixo o franquismo. O seu teatro dista moito da rotundidade dos **ismos** que si posúe a poesía destes autores. Dentro do teatro das vangardas destaca a figura de **Rafael Dieste**, autor dunha das pezas máis importantes da dramaturxia galega: *A fiestra baldeira* (1927). A orixinalidade desta obra radica : no tratamento orixinal de temas populares, afastado

do costumismo e do teatro “de tese”; no tratamento do espazo, ambientada nunha vila mariñeira (Rianxo), os tres lances transcorren na sala interior do pazo do indiano D. Miguel, cunha fiestra por onde se ve o mar; as personaxes non teñen una caracterización costumista; a obra preséntase como unha composición pictórica do teatro: cor, luz, diálogos, decorados constitúen un antecedente de *Os vellos non deben de namorarse*. Nesta peza teatral o indiano rico, D. Miguel, decide facerse un retrato no que o pintor pon de fondo unha ventá pola que se ve un porto mariñeiro. A súa muller e filla consideran que esa escena mariñeira ten pouca categoría porque recordan as orixes humildes de D. Miguel e prefiren un xardín fidalgo. Cando os mariñeiros da vila se enteiran deciden recortar a ventá do lenzo. Remata felizmente cando a súa familia accede a manter o cadro na forma orixinal.

Os membros da **Xeración Nós**, Vicente Risco, Otero Pedrayo e Castelao perseguían o mesmo afán para a dramaturxia galega cás Irmandades da Fala: crear unha dramaturxia galega moderna que ofrecese produtos de calidade que interesasen a un público culto, co ánimo de interesalos na causa galeguista.

Risco é autor dun drama trágico, *O bufón d'El Rei* (1928) con elementos de lenda, esteticamente inscríbese dentro do Simbolismo. Desenvolve a súa acción na época medieval, con mencións diversas á Materia de Bretaña. O bufón está definido como un ser deforme, que medita sobre a súa propia condición maléfica.

Os vellos non deben de namorarse, obra de **Castelao** que se estreou en 1941 en Bos Aires, constitúe o texto teatral máis emblemático na historia da dramaturxia galega. Os tres lances organízanse de forma similar: galanteo dun vello e unha moza ; intervención familiar que desaconsella no I e II Lance ou aconsella o casamento no III Lance; a Morte que avisa; unha comunidade que xulga negativamente ao vello; decisión da Moza; rolda do Mozo á Moza; chegada da Morte; pranto polo vello.

A obra está cargada de simetrías sobre todo nos personaxes:

- ✚ Vello (Saturio o boticario, D. Ramonciño o fidalgo vido a menos, señor Fuco o labrego rico)
- ✚ Moza (Lela, Micaela mozas interesadas e Pimpinela máis inocente que termina casando co vello pola presión dos pais)
- ✚ A Morte (Mendicante, Morte sapo e Morte disfrazada)
- ✚ Os Mozos das rapazas, a familia dos vellos I, II lance e pais de Pimpinela no III...

Os rasgos estilísticos que caracterizan esta obra veñen determinados pola asistencia de Castelao en París a unha representación dunha obra do “Teatro do Morcego” dirixida por Nikita Baliev, dela recolle a proposta para o novo teatro galego: conxugar as formas da tradición popular pero exenta de folclorismo con elementos da modernidade, é dicir, simbolismo, expresionismo (nas máscaras, nos retratos parlantes dos pais de D. Ramón...) + tradición popular (entroido, coro de boticarios...).

As obras teatrais de **Otero Pedrayo** perseguen, ao igual ca o teatro das Irmandades, crear un teatro nacional. Otero escribe un teatro máis apropiado para a lectura ca para a representación escénica. En *A lagarada* (1929) prodúcese o asasinato dun vello rico como resultado dun enredo amoroso. Entre o poder demoníaco do viño e a escavación dun castro, que para o pobo desenterra forzas escuras agachadas, andan os culpables do asasinato do vello. Tecnicamente esta obra supuxo un avance xigantesco para a dramaturxia galega: con digresións líricas, con elementos do simbolismo de carácter fantástico (as pipas da adega conforman o coro ao estilo do teatro grego clásico, ou unha alquitara que está personificada na sombra dun arrieiro asasinado). *O desengano do prioiro* (1952) é unha pezahumorística que ten como

asunto a implantación dunha industria de cadaleitos no Ribeiro, mestúranse vivos emortos con diálogos satíricos en contra do novo comercio.

Por indicación de Castelao escribe Otero Pedrayo ***Teatro de máscaras***, pezas curtas que seguindo as directrices do **Teatro da Arte** que **Castelao** desenvolve en *Os vellos non deben de namorarse* conxuga: **texto literario + coreografía + música e luz + vestiario, decoración + carautas**. O teatro entendido como un espectáculo no que se conxugan todas as artes.

Unha vez máis os membros das Irmandades da Fala, a Xeración Nós e a Xeración das vangardas conseguiron, igual que fixeran coa narrativa, co ensaio e coa poesía, modernizar, europeizar e universalizar a nosa dramaturxia galega, sendo esta a irmá pobre dos xéneros literarios polas dificultades que atopa para desenvolverse: a exclusión da lingua galega dos espazos públicos cultos debido á diglosia (o teatro é un espectáculo social fundamentalmente burgués) ou polas sucesivas prohibicións de representar en linguas diferentes ao castelán, demostraron que o galego é tan válido como calquera para estar presente enriba do escenario.

(1.342 palabras)

Contexto político, social, cultural e lingüístico de 1936-1975: a guerra, a posguerra e a ditadura.

ISTO SERACHE MOI ÚTIL PARA ESTES 5 TEMAS DE LITERATURA, DEBES RESUMILO E INSERILO NO COMEZO DE CADA TEMA:

5.- A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.

6.- A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

7.- A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

8.- O teatro entre 1936 e 1975: a Xeración do 50 e o Grupo de Ribadavia.

9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.

E PARA O TEMA 5 DE SOCIOLINGÜÍSTICA:

5.- O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Os avances que Galicia experimentara no primeiro terzo do século XX (políticos, culturais, lingüísticos...) víronse traxicamente freados pola guerra civil (1936-1939) e a posterior instauración do réxime franquista (1939-1975). A **situación económica** neste longo período ten dúas fases: ata 1960, as duras sancións económicas que os países occidentais impuxeron ao novo réxime provocaron o racionamento dos produtos básicos e a drástica redución dos salarios, son os duros anos da fame e do racionamento. A partir da década dos 60 iníciase un certo desenvolvemento económico en todos os sectores tanto na agricultura como na industria, o que favoreceu a mellora do tecido comercial e do transporte. Na **sociedade** galega tamén se producen cambios: agudízase o proceso de desruralización e o desprazamento da poboación cara a núcleos urbanos. Hai un certo incremento de proletariado unido ao desenvolvemento da industria, e da pequena burguesía relacionado co comercio. A **emigración** continuou a ser unha opción para milleiros de galegos na procura de mellores oportunidades. Nun primeiro momento diríxense a países americanos (Arxentina, Venezuela...) e a partir dos anos 60 irán cara a países europeos (Suíza, Alemaña, Francia...) e outras zonas da península (País Vasco, Barcelona...)

Entre 1939 e 1950, o centro da actividade literaria galega pasará a ser México e Bos Aires. Na capital arxentina entran en contacto os **emigrados** antes da sublevación militar (Blanco Amor, Emilio Pita, Varela Buxán...) cos **exiliados** (Castelao, Seoane, Valenzuela...) e comezarán a desenvolver un amplo traballo intelectual e a impulsar a conciencia galeguista e a difusión da cultura galega a través de conferencias, a publicación de revistas, a creación de editoriais, publicacións periódicas (a revista *Galicia*, voceiro de Centro Galego de Bos Aires, e a súa homónima voceiro da Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires; *Galicia Emigrante*...), emisións radiofónicas (o programa *Galicia Emigrante* emitíase os domingos desde Radio Libertad de Bos Aires), ou edicións de libros (entre 1940 e 1944 publicáronse en América 18 libros en galego).... Eles van ser o elo de continuidade da cultura galega, que a Galicia interior vira rachado pola represión do Réxime franquista. Castelao foi unha das grandes referencias do galeguismo en América e na propia Galicia. No exilio vanse publicar as obras que en Galicia non poden ver a luz.

Polo que se refire á **política**, a ditadura franquista caracterizouse por ser un réxime autoritario que negaba as liberdades básicas das persoas e non recoñecía a diversidade cultural e lingüística do Estado. O seu poder apoiábase na forza do exército e da policía. Dos contrarios ao réxime algúns foron reprimidos: encarcerados ou

asasinados e outros exiliáronse ou desvinculáronse da política. A partir dos anos 60 fundáronse na clandestinidade novos partidos (PSG, UPG) e nos anos 70 organízanse sindicatos nacionalistas.

Respecto da **lingua**, prohibiuse o uso escrito. No ámbito oral a perda de prestixio levou a un importante retroceso no seu uso entre as xeracións máis novas e no ámbito urbano. En **1950** a creación da **editorial Galaxia** foi un feito clave para a recuperación da lingua escrita e a súa dignificación. Neste proxecto participan algúns galeguistas históricos que xa comezaran a súa actividade cultural antes da Guerra Civil como Otero Pedrayo, e outros novos como Fernández del Riego ou Ramón Piñeiro. O obxectivo fundamental era a **recuperación da función cultural e do prestixio social da lingua**. Este ano, 1950, é o ano en que morre Castelao no exilio e con el o proxecto político, o Partido Galeguista autodisólvese e a loita centrárase agora no eido cultural da man deste grupo Galaxia.

Os partidos e sindicatos nacionalistas fixeron da cuestión da lingua un obxectivo prioritario. Creáronse numerosas **asociacións culturais** que loitaban pola normalización: **O Facho**, **O Galo**... Avánzase na investigación lingüística: en 1965 créase a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago...

En 1975 morre Franco e con el a ditadura, iniciamos unha andaina democrática que traerá a liberdade para as persoas, para a cultura e para a lingua galega.

Tema 5.- A poesía entre 1936 e 1975: A Xeración do 36, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.

O triunfo da rebelión militar do xeneral Franco provocou consecuencias nefastas para a nosa cultura: pechan editoriais, revistas (*Nós*), xornais, plataformas de investigación (*Seminario de Estudos Galegos*), asasinato de xornalistas, escritores... A censura contra todo o escrito en galego foi feroz e se a produción literaria non chegou nunca a interromperse completamente foi grazas ao labor levado a cabo polos exiliados en América. En Galicia a recuperación só se iniciará a partir de 1950, un pouco antes, no **1947**, sairá á luz clandestinamente **Cómaros verdes** de Aquilino Iglesia Alvariño.

Esta mesma censura trouxo como consecuencia que tres xeracións de poetas se deran a coñecer no mesmo período, posto que os máis vellos deberon gardar silencio, ou ben, utilizar o castelán. Así, non debe estrañar que **Longa noite de pedra** apareza en 1962 contendo poemas de 1936 ou que convivan poetas de idade moi dispar.

A poesía galega neste período ofrece un panorama moi heteroxéneo, xa que conviven distintas xeracións, múltiples tendencias e grande variedade de estilos. A pesar da interrupción que supuxo a guerra e os primeiros anos da ditadura, pódese observar claramente a continuidade coas liñas temáticas da nosa tradición literaria, como se reflite neste esquema:

Literatura galega do século XX e XXI

ÉPOCA MEDIEVAL <i>Trobadores</i>			
	SÉCULO XIX		
	Denuncia <i>Curros Enríquez</i>	Intimismo <i>Rosalía</i>	Costumismo e paisaxe
SÉCULO XX			
	<i>Ramón Cabanillas</i>		Paisaxismo <i>Noriega Varela</i>
Neotrobadorismo <i>Bouza Brey</i> <i>Álvaro Cunqueiro</i>			Hilozoísmo <i>Amado Carballo</i>
 GUERRA CIVIL			
Neotrobadorismo <i>Álvaro Cunqueiro</i> <i>Álvarez Blázquez</i>	Socialrealismo <i>Celso E. Ferreiro</i> <i>Luis Seoane</i>	Intimismo existencial <i>Aquilino I. Alvariño</i> <i>Antón Tovar</i>	Ruralismo <i>Aquilino I. Alvariño</i> <i>X.M. Díaz Castro</i>
	<i>X.L. Méndez Ferrín</i> <i>Manuel María</i> <i>Bernardino Graña</i>		<i>Uxío Novoneyra</i> <i>A. de Taramancos</i>
		Escola da Tebra <i>Méndez Ferrín</i> <i>Manuel María</i> <i>Bernardino Graña</i>	

Para a recuperación nos anos 50 foi fundamental a creación de varias editoriais, unha das primeiras foi a colección “*Benito Soto*” (1949), editorial de poesía galega dirixida por Celso Emilio Ferreiro, que publica poesía das correntes de posguerra: culturalismo, hilozoísmo, neotrobadorismo, intimismo, Escola da Tebra. Outras editoriais: “*Monterrey*”, “*Bibliófilos Gallegos*” que publica a primeira novela en galego de posguerra: *A xente da barreira* de Carballo Calero; a colección poética *Xistral*; o xornal *La Noche* de Santiago que edita un suplemento sabatino que recolle obras en galego de autores vellos e novos, pero non o labor dos exiliados, de feito foi clausurado pola censura en 1950 por publicar uns textos homenaxeando a figura de Castelao con motivo do seu falecemento. Pero será a editorial **Galaxia (1950)** o principal alicerce da cultura galega de posguerra: impulsada polos membros do Partido Galeguista que eles mesmos disolveron para emprender a afirmación de Galicia en clave culturalista da man de Ramón Piñeiro e Fernández del Riego. Dentro de Galaxia está a revista *Grial*, a *Revista de Economía*, a colección *Illa Nova* para publicar obras de xente nova, ademais de ser a vía máis directa para a publicación da prosa galega, aínda hoxe nos nosos días.

Os poetas que publican a súa obra entre 1950 e 1975 poden agriparse tendo en conta o ano do seu nacemento en tres grupos: a **Xeración do 36**, a **Promoción de enlace**, e a **Xeración da Festas Minervais**.

Forman a **Xeración de 1936** un grupo de autores nados entre 1910 e 1920, que viviron de cheo a guerra civil, formados no tempo da República e discípulos directos da Xeración Nós. A obra destes poetas callará definitivamente despois de 1936. Unha póla reverdecerá en América, onde cantan os poetas Luís

Seoane, Emilio Pita e Lorenzo Varela. A outra farase evidente, aínda que serodiamente, arredor das novas revistas e sobre todo na colección “*Benito Soto*”, dirixida por Celso Emilio Ferreiro.

A poesía dos anos de recuperación cultural do galego na posguerra maniféstase en diversas direccións:

- A continuación da poesía da tradición paisaxística galega, ben seguindo a orientación hilozoísta ou ben nunha dirección máis clásica, humanista.
- A continuación de certas manifestacións vangardistas propias como o Neotrobadorismo.
- Unha poesía angustiada, existencial, de ton pesimista, que daría lugar ao que se denominou a “Escola da Tebra”.
- A poesía de compromiso social que encheu o panorama poético dos anos sesenta e setenta e que tivo como principal representante a Celso Emilio Ferreiro.

O silencio que seguiu á sublevación militar de 1936 rompeuno en 1947 **Aquilino Iglesia Alvariño** coa publicación de *Cómaros verdes*, libro onde aparecen poemas na liña do neotrobadorismo e do hilozoísmo e outros nos que o autor se mergulla na paisaxe natal e no mundo rural. É o xenuíno representante do paisaxismo iniciado por Antón Noriega Varela, pero a diferenza deste, o seu paisaxismo está cargado de humanismo. Por outra banda, a súa formación clásica deixou nel un pouso que se manifesta na grande perfección formal dos seus versos. **Xosé María Díaz Castro** é autor de *Nimbos* (1961) é o poeta do home, do home como individuo e dos seus problemas transcendentais: o amor, a vida e a morte, o tema relixioso, a paisaxe e Galicia constitúen o núcleo temático da súa poesía. **Álvaro Cunqueiro** publicara antes da guerra civil tres libros con pegadas vangardistas onde logra fundir as formas populares e a cantiga de amigo medieval coas atrevidas imaxes das vangardas: *Mar ao norde* (1932), *Poemas do si e non* (1933) e *Cantiga nova que se chama riveira* (1933). *Dona do corpo delgado* (1950) é unha das primeiras obras publicadas tras a paréntese da guerra civil. O libro incorpora composicións de corte clásico ademais de continuar explorando a liña neotrobadoresca. A súa derradeira obra *Herba aquí ou acolá* (1980) é a súa derradeira obra poética, un conxunto heteroxéneo de poemas, pertencentes a distintas épocas, onde aborda os temas transcendentais do ser humano a través dunha recreación persoal de mitos lendarios, personaxes históricos e figuras literarias. Na segunda parte do libro, o poeta reflexiona sobre o tempo, as mudanzas e a morte.

Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912- Vigo, 1979) é considerado o máximo representante en Galicia da poesía social. Rematada a guerra instálase en Pontevedra onde dirixe a colección de poesía Benito Soto. A súa primeira obra é de 1954, *O sonho sulagado*. Aparece nesta obra unha voz persoal, inscrita na chamada Escola da Tebra, que ten en común certos aspectos temáticos: intimismo, desacougo, extravío existencial..., pero tamén alusións ao amor a súa nai e a súa muller, Moraima. A publicación de ***Longa noite de pedra*** (1962) supuxo o grande acontecemento da poesía galega do século XX, pola resonancia que tivo. O título do poema inicial e do propio libro foi interpretado como un símbolo da situación de España durante a ditadura: a longa noite de pedra da opresión, insolidariedade e falta de liberdade. Conflúen nesta obra dúas liñas temáticas fundamentalmente: unha liña social, cívica, comunitaria de denuncia crítica, e outra, lírico-intimista, integrada por composicións na que o poeta canta os paraísos

perdidos e volve a vista atrás para invocar a infancia e a mocidade, cando as cadeas e as inxustizas aínda non eran coñecidas. En 1966 emigrou a Venezuela en busca dunha Galicia máis libre e concienciada e volveu defraudado. Contra esta realidade escribiu o libro *Viaxe ao país dos ananos* (1968), enfocado dende o sarcasmo e a ironía. Froito da mesma experiencia persoal que motivou *Viaxe ao país dos ananos*, son os seus libros de poesía satírica: *Cantigas de escarnio e maldicir* e *Paco Pixiñas*. Tamén segue esta liña *Cemiterio privado*, unha serie de epitafios, a maior parte deles condenatorios, cos que fustiga aos “ananos”, aos asasinados fascistas, aos especuladores, aos indiferentes á inxustiza... En *Onde o mundo se chama Celanova* (1975) predominan os poemas dedicados á súa muller, Moraima e tamén a saudade provocada pola lembranza da súa vila natal.

A chamada **Promoción de enlace** compóñena poetas nados entre 1920-1930 que non constitúen un grupo homoxéneo e elaboran illadamente os seus discursos literarios nos anos máis negros da posguerra: sofren a pobreza cultural da España da época, o illamento da cultura europea ao que a censura española somete ao país, son autodidactas, sen formación universitaria; descoñecen a cultura galega de preguerra; formados na cultura castelá, comezan, polo xeral, publicando nesa lingua. Acusan as pegadas surrealistas da xeración do 27 española e das vangardas da literatura galega. A súa poesía caracterízase pola temática existencial e angustiada, sen que tampouco falte o compromiso social.

Constitúen esta xeración **Antón Tovar**, nas primeiras obras céntrase en temas como a soidade ou a tensión entre angustia existencial e esperanza, *Arredores* (1962) en *Calados esconxuros* (1980) incorpora a temática social e o erotismo. **Luz Pozo Garza**, autora de *O paxaro na boca* (1952), *Verbas derradeiras* (1972), *Códice calixtino* (1986), *Prometo a flor de loto* (1992) e *A vida secreta de Rosalía* (1996). O amor, tratado dun xeito delicado e sensual, con expresivas imaxes eróticas nas súas primeiras obras, tórnase máis tarde nun amor marcado pola nostalxia e pola presenza da morte. Manteñen as súas obras unha certa unidade baixo diversos motivos simbólicos como a luz, a música, a natureza e a referencia a códigos estéticos de diferentes autores. **Manuel Cuña Novás** é quizais o poeta máis representativo da temática de angustia persoal, do que se deu en chamar “Escola da Tebra”. En *Fabulario novo* (1952), ofrece a súa persoal concepción poética, caracterizada polo sentimento de angustia e unha actitude desesperada, que se manifesta no emprego de motivos recorrentes: as tebras, a escuridade, o terror, o vougo, o desacougo, o espanto... Este libro tivo especial significación pois apareceu cando o hiloísmo e o neotrobadorismo eran correntes xa esgotadas e supuxo unha reacción fronte a elas, marcando novas liñas poéticas.

A xeración de 1950 ou **Xeración das Festas Minervais**, son os poetas nados entre 1930-1940. Son chamados con esta segunda denominación porque moitos deles foron premiados nestes certames restaurados en Santiago de Compostela a partir de 1953. Moitos deles participarán tamén no suplemento cultural do diario compostelán “*La noche*”. Empezan a publicar as súas obras na colección “Illa Nova”, creada pola editorial Galaxia.

Adóitanse distinguir dous grupos ben definidos: por unha banda, un grupo compostelán próximo ao proxecto cultural de Galaxia (Xosé Luís Franco Grande, Salvador García-Bodaño, Xohana Torres...), e por outra, o grupo Brais Pinto, constituído en Madrid en 1958 por universitarios e emigrantes que crean unha

colección de poesía na que publican as súas creacións, caracterizadas pola “Escola da Tebra”. Deste grupo formaron parte Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Ramón Lorenzo e Alexandre Crieiro. Trátase dun grupo heteroxéneo, porén, comparten o desexo de romper coa tradición, o achegamento ao existencialismo a ao marxismo, o gusto polo rock e polo jazz.

A nómina de poetas desta xeración é extensa, polo que destacaremos de entre todos a **Xosé Luís Méndez Ferrín**. Nun comezo, en obras como *Voce na néboa* (1957) cultivou a poesía existencial, reflectindo unha visión pesimista e angustiada da vida e do futuro de Galicia, seguindo os parámetros da Escola da Tebra. Continuador da poesía socialrealista en *Antoloxía popular* (1972) publicada baixo o heterónimo de Heriberto Bens, ou en *Sirventés pola destrución de Occitania* (1975). Pero en **1976** publica ***Con pólvora e magnolias***, Premio Nacional da Crítica, obra que supuxo a renovación da poesía galega estancada no realismo crítico dos imitadores de Celso Emilio Ferreiro. Nesta obra alíanse a poesía revolucionaria –a pólvora- co lirismo persoal (a lembranza do pasado, o tempo, o amor, a morte) e mais o luxo estético –as magnolias-. Os poemas discorren en versos libres, salferidos por diversas resonancias culturais: o celtismo, a poesía medieval, o surrealismo, o movemento *beat*, a lírica de Cunqueiro... O ton xeral é nostáxico mostrando a imposibilidade de recuperación do tempo e o triunfo da decadencia. Esta obra, de grande influencia noutros poetas máis novos, marca un distanciamento coa liña social-realista e propón novos temas, así como unha importante renovación formal: uso non convencional da sintaxe, maior riqueza léxica, numerosas referencias que abranguen a pintura, o cine, a música contemporánea... *Contra maquiéiro* (2005) acentúa o seu compromiso: o “muiñeiro” e as súas accións son unha metáfora do capitalismo, do sufrimento, da inxustiza e da morte que causou o século XX; ambientada nas guerras de independencia cubana, nas dúas guerras mundiais e na guerra civil, o suxeito lírico ponse da parte dos perdedores e invoca á Razón como arma liberadora contra a “maquiá” que deglute o capitalismo.

Autores destacados desta xeración son tamén **Manuel María**, o primeiro e máis prolífico poeta novo da posguerra. Autor de *Muiñeiro de brétemas* (1950) pertence ás Escola da Tebra; *Terra Chá* (1954) poemario no que se recolle poesía social: defensa de Galicia, da lingua, das clases populares e protesta contra a tiranía, as inxustizas e o imperialismo; *Documentos persoais* (1958), e *Versos de lume e o vagalume* (1982), onde amosa unha preocupación pola renovación da linguaxe poética sen deixar de ser unha lírica de evidente contido ideolóxico. **Bernardino Graña**, autor de *Profecía do mar* (1966), obra coa que rompe co pesimismo que caracterizara o seu libro inicial e co que adopta unha afirmación vitalista do home e do universo. Neste libro recrea o mar, os mareantes, as vilas e os ambientes mariñeiros, ofrecéndonos unha cosmovisión moi persoal e íntima, afastada do mero descritivismo. **Uxío Novoneyra**, autor de *Os eidos (libro do Courel)*, caracterizado pola condensada expresión e a brevidade na procura de reflectir a natureza espida, esencial, do Courel, onde o ser humano é un elemento mínimo dentro desa inmensidade cósmica (a serra e os cumes, os ríos, a neve, as néboas, os lobos...). Entre os seus recursos máis salientables destaca o fonosimbolismo, é dicir, a evocación de sensacións auditivas, visuais, tactís e anímicas mediante a combinación e repetición de fonemas. **Xohana Torres** ten en *Do sulco* (1957) unha poesía próxima á obra dos poetas do grupo Brais Pinto. **Avilés de Taramancos**, autor de *As moradias do vento* (1955), obra que está marcada polo antes da súa emigración a Colombia. Completarían esta nómina de autores nomes como: **Salvador García Bodaño**, **Xosé Luís Franco Grande**, **Ramón Lourenzo**, **Alexandre Crieiro** e **Manuel Álvarez Torneiro**, entre outros.

O que está claro é que a pesar da dureza destes anos, dunha guerra civil e dunha durísima represión da ditadura a nosa poesía soubo retomar as liñas poéticas da preguerra e cando estas se esgotaron iniciar unhas novas que con base na nosa tradición viñeron a renovala para non perder o ritmo creativo do noso pobo, na nosa lingua, porque a voz e os cantos dun pobo non hai ditador que os poida calar.

(2.354 palabras)

Tema 6.- A prosa entre 1936 e 1975: Os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

Dende xullo de 1936 o idioma galego sufriu unha longa postergación que durou case corenta anos: a súa utilización na escrita era sospeitosa e o feito de falalo era síntoma de “barbarie” e de “mal gusto”. O afán de uniformización do réxime chegou mesmo a pretender relegar a lingua galega á condición de dialecto.

Ata **1950** a cultura galega mantívose unicamente no exilio, pero ese ano comeza a recuperación cultural. Disolto o Partido Galeguista, Ramón Piñeiro, Fernández del Riego, Xaime Isla Couto fundan a editorial **Galaxia**, co propósito de dignificar a lingua e cultura galegas e que servise de ponte entre as vellas promocións (Cabanillas, Otero, Cuevillas) e as xeracións máis novas. Tamén crearon a colección *Grial*, a revista do mesmo nome e a *Revista de Economía de Galicia*.

A partir da década dos 60 aumentan as publicacións e nacen unha serie de asociacións culturais: *O Facho* na Coruña, *O Galo* en Santiago, *Auriense* en Ourense, *Abrente* en Ribadavia, todas elas serven de semente para a recuperación cultural. A mesma función que terán as novas editoriais que se crean nestes anos: *Edicións do Castro* en Sada, *Xerais* en Vigo, *Pico Sagro* en Santiago...

A primeira novela que se publica tras a guerra é *A xente da Barreira* de Ricardo Carballo Calero. Nesta época danse a coñecer autores moi dispares: autores máis veteranos coinciden cos máis novos. Como resultado disto nos anos 50 comezan a deseñarse unha serie de **liñas narrativas** que pervivirán en parte ata os nosos días:

1. Os **continuadores** da tradición narrativa do Grupo **Nós**, en especial a temática da decadencia da fidalguía: Carballo Calero, *A xente da Barreira*, o propio Otero publica *Entre a vendima e a castañeira* e *O señorito da Reboirana*.
2. O **realismo popular** de Ánxel **Fole** en *Á lus do candil*. As características son : ambientación rural, dialectalismo lingüístico, sinxeleza argumental e o humorismo.
3. O **realismo fantástico**, define a narrativa de **Cunqueiro**, mestura de elementos culturalistas e populares cun pé na realidade cotiá e outro na fantasía desbordada. Escritores como Darío Xohán Cabana, Xosé Miranda teñen coincidido nesta liña na actualidade.
4. O **realismo social**, o máximo expoñente é Eduardo **Blanco Amor** en *A esmorga*.
5. A **Nova Narrativa** proxecto rupturista impulsado polas novas promocións literarias, formadas no franquismo e cunha feble vinculación á tradición literaria de preguerra. Os novos promoven un

modelo narrativo de técnica experimental e ambientación urbana, desdeñan o folclorismo e o realismo vulgar.

6. **Realismo crítico:** de **Neira Vilas** en *Memorias dun neno labrego*.

ÁNCEL FOLE fundou e dirixiu a revista vangardista *Yunque*, militou no Partido Galeguista. Trala guerra vai vivir a Quiroga, ao Incio e á Terra Chá lugares que protagonizan moitas páxinas da súa obra. ***Á lus do candil*** (1953) son contos relacionados entre si: uns personaxes reunidos a carón do lume nunha torre incomunicada pola neve contan as diferentes historias que compoñen o libro, transcritas por un dos presentes. Outros títulos do autor: *Terra brava* (1955), *Contos da néboa* (1973), *Historias que ninguén cre* (1981). O eixo temático da obra é Galicia, vista dende dúas perspectivas: material e espiritual. A Galicia material: o espazo de referencia son as montañas do Courel. Describe a morfoloxía, clima, flora e fauna, a comunidade coa súa economía agrícola e gandeira, coa vivenda, cos costumes e coa fala. O resultado é unha especie de **tratado etnográfico do mundo rural galego**. A Galicia inmaterial: indaga na complexidade psicolóxica do home galego e na cultura popular: crenzas, lendas e experiencias paranormais (premonicións, aparicións, telepatía); lendas de aparecidos, de lobos, meigallos, premonicións... o seu racionalismo crítico destrúe ironicamente o mito e isto evítalle caer no simple costumismo. O seu estilo está na liña do **conto popular de carácter oral**: vulgarismos, arcaísmos e dialectalismos na lingua e linealidade no discurso, inconcreción temporal, sobreentendidos, apelación aos ouvintes en busca da súa complicidade.

EDUARDO BLANCO AMOR. Ademais da súa obra narrativa, Blanco Amor tamén publicou poesía: *Romances galegos*, *Poema en catro tempos*, *Cancioneiro*. E teatro: *Farsas para títeres* de carácter moi renovador. Pero é na súa narrativa polo que máis destaca este autor, encadrado nesa tendencia denominada **realismo social**.

A esmorga (1959) editada en Bos Aires, aquí sería imposible debido á censura, é a súa primeira novela, está considerada como unha obra cume da nosa literatura. A novela comeza cunha *Documentación* onde un narrador explica como chegou a obter a información do que se relata: os sucesos ocorridos durante un día de esmorga ao Castizo, ao Bocas e ao Milhomes e o seu trágico desenlace. O relato constitúeno os cinco capítulos que seguen, que son unha transcripción das declaracións feitas por Cibrán a un xuíz do que non se rexistran as preguntas que lle fai. Durante 24 horas de esmorga os protagonistas móvense pola cidade e os suburbios de Auria (trasunto literario de Ourense). O clima é adverso: chuvia, corisco, xeada e pasa a ter un valor simbólico na novela. A esmorga remata coa detención de Cibrán pola Garda Civil, despois de que o Bocas fora asasinado polo Milhomes e este morrese. No V capítulo de novo o narrador da Documentación toma a palabra e deixa ao lector na dúbida de se o Cibrán morre no xulgado vítima das torturas ou se se suicida. A tese de fondo é o drama do marxinado incapaz de ser dono do seu destino debido ós determinantes psicolóxicos e sociais.

Esta novela marca o punto de arranque da moderna narrativa galega, asimila as novas técnicas do século XX: norteamericana, latinoamericana e existencialismo europeo.

Os biosbardos (1962) son sete relatos nos que se repite: narración en 1ª persoa, protagonista

adolescente, ambientación urbana, tempo histórico: dúas primeiras décadas do XX. Os temas son: autoafirmación, incompreensión, irrupción do marabilloso, transgresión das normas dos adultos, descuberta do sexo, vivencias propias da adolescencia.

Xente ao lonxe (1972) é unha crónica familiar dos Vilar, dende o nacemento do derradeiro dos fillos ata a inminente morte do pai cinco anos despois, tamén é unha crónica da sociedade de A. (Auria) na primeira década do XX. Tematicamente a novela recolle dous procesos de maduración: a maduración persoal de Suso, fillo de Aser das Airas e a maduración do movemento obreiro de A., a importancia da loita e da solidariedade do proletariado co campesiñado convocando a primeira folga xeral. Na novela reflíctense as tensións ideolóxicas e relixiosas da sociedade de A., a represión social e política ante a decisión dos labregos de Ursaria de non deixar roubar o baldaquino do mosteiro, recóllense anécdotas e acontecementos do 1º de Maio, Día Internacinal dos Traballadores. Formalmente a novela destaca polo uso de varias voces narradoras: Suso, Evanxelina, narradores testemuñas e o narrador obxectivo que relata en 3ª persoa.

As innovacións temáticas e formais da narrativa de Blanco Amor tiveron continuación na nova xeración que integrou o que se denominou como Nova Narrativa Galega.

ÁLVARO CUNQUEIRO publica en 1955 *Merlín e familia*, unha sucesión de episodios engarzados na primeira parte á figura de Merlín, que retirado no seu pazo, en Miranda, soluciona por medio da fantasía os diversos problemas da xente que acode a visitalo. O narrador é Felipe de Amancia, que fora paxe de Merlín. A estrutura é:

- chegada dos visitantes ó pazo para formularlle o problema a Merlín.
- relato do asunto para o que se precisa axuda do mago.
- resolución do caso por medio das artes máxicas.

As crónicas do Sochantre (1956) son peripecias dun músico de capela que vai nunha carroza tocar o bombardino ós funerais dun nobre. No interior da carroza atópase cun grupo de personaxes de ultratumba que contan as súas vidas, a carroza atravesa a Bretaña francesa. *Se o vello Simbad volvease ás illas* (1961), o vello Simbad (mariñeiro aventureiro de *Las mil y una noches*) está retirado en Bolanda, a súa terra natal, polas mañás coida da súa horta e polas tardes vai á fonda, alí narra as súas prodixiosas aventuras. Como pensa que os seus contertulios non o cren, decide volver a embarcar. Comeza a enredar os seu soños coa realidade e sucumbe finalmente perdendo a súa fama, a capacidade fabuladora e a vista.

Escribiu ademais Cunqueiro unha triloxía de “semblanzas” son relatos breves: *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979) onde recolle sucesos ocorridos a personaxes reais ou imaxinarios, nos cales con fantasía e humor Cunqueiro amosa moitos aspectos da psicoloxía do home galego e da mitoloxía popular.

O **realismo fantástico** de Cunqueiro queda xustificado coa constante ósmose entre realismo e fantasía. Recrea os vellos mitos orientais, clásicos e atlánticos, pero do mito só colle o nome e a codia externa, o resto está subvertido pola súa mirada irónica, que rompe a ilusión lendaria co achegamento do mito á realidade galega= humanización do mito (Merlín, Dona Ginebra, Simbad compórtanse coma xente

normal). Nos relatos breves opera á inversa: parte da realidade cotiá para alterala continuamente coa fantasía= mitificación do humano (xente norma adquire comportamentos máxicos). Elimina as fronteiras entre a realidade e a imaxinación. O choque entre mundo real e mundo mítico leva ao humor (dona Ginebra que non era do país “prendía algo na fala”).

En todos os xéneros que Cunqueiro traballou: poesía, novela, relato e teatro destacou por ser un gran innovador.

Á marxe da Nova Narrativa Galega, aínda que contemporáneo a ela, tanto polo fondo como pola forma hai que situar na década dos 60 a obra narrativa de **XOSÉ NEIRA VILAS**.

Non incluímos a este autor dentro do grupo da Nova Narrativa por dúas razóns:

1.- extraliterarias: o autor móvese nun marco vivencial (América da emigración, Cuba castrista), moi distinto ó dos escritores do interior sen manter con eles un contacto xeracional.

2.- literarias: non manifesta o interese renovador dos seus coetáneos, a súa fórmula narrativa está máis atenta ó contido que ás formas do narrado.

A característica que máis alonxa a Neira Vilas dos autores da Nova Narrativa é **o tratamento cruamente realista dos modos de vida na Galicia rural= realismo crítico**, concéntrase nas miserias e traxedias da aldea galega nos tempos da guerra civil e inmediata posguerra; os personaxes mostran unha psicoloxía desenvolvida, os conflitos dos personaxes xorden do enfrontamento co medio, cos seus opresores ou semellantes, na loita cotiá pola supervivencia. Os Novos Narradores sitúan os seus personaxes no medio urbano, os seus conflitos xiran arredor de confusos desexos e frustracións, son internos.

Neira Vilas naceu en Vila de Cruces, Pontevedra, procede dunha familia campesiña, pasou a infancia e mocidade no mundo rural que aparecerá recreado nas súas obras. Emigrou a Bos Aires, alí fórmase de maneira autodidacta e mantén vínculos coa terra nos centros da colectividade emigrante. Trasládase a Cuba.

A súa obra podemos clasificala en dous grupos dependendo de se se centran na Galicia interior ou emigrante:

1º grupo: Tema xeral, a Galicia interior:

- 1.1. Narradas dende unha óptica infantil ou adolescente:
Memorias dun neno labrego (1961), *Cartas a Lelo* (1971), *Aqueles anos de Moncho* : evolución dun neno a través dos seus contactos co medio e cos adultos, nunha sociedade campesiña marcada pola opresión e pola pobreza económica, cultural e ideolóxica.
- 1.2. Narrados por un protagonista adulto: *Xente no rodicio*, *A muller de ferro*, *Querido Tomás* aumenta a pintura negra da sociedade campesiña: personaxes incapaces de escapar do seu mundo atrasado, onde impera a dominación política e relixiosa.

2º grupo: Tema xeral, a Galicia emigrante: *Camiño bretemoso*, *Historias de emigrantes*, *Remuíño novo*: a angustia e morriña da terra, illamento e dificultades de adaptación ó mundo urbano, a loita por saír da miseria, compromiso coa revolución.

Queda demostrado con estes catro autores: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas que a narrativa galega se renovou. A pesar da mestura xeracional (autores de distintas cronoloxías, distintas formacións, distintos gustos estéticos); da variación de rexistros literarios (autores que na preguerra cultivaron a poesía ou o teatro, despois da guerra dedícanse preferentemente á narrativa, conscientes quizais de que era necesaria a renovación da nosa prosa?); da insularidade creativa (os autores non participan en tarefas colectivas); da presenza notable do conto e do relato curto (será a partir dos 70 cando se afiance a novela longa); a pesar de todo isto, estes catro autores foron quen de moverse pendularmente entre a tradición e a renovación asentando as bases para a innovación absoluta da nosa prosa que virá da man da *Nova Narrativa Galega*.

(2.054 palabras)

Tema 7.- A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.

Na década dos 50, cando se inicia a recuperación da literatura galega, xorde un grupo de mozos que incorpora á nosa narrativa novos motivos e novas técnicas relatoras, do mesmo xeito que os homes do grupo Nós, na preguerra, supuxeron un achegamento ás novas tendencias culturais. Non é un grupo homoxéneo, mais úneos: a súa formación universitaria, a súa ideoloxía nacionalista, viaxeiros por Europa e coñecedores da literatura europea e americana; no plano literario todos coinciden na intención innovadora e o desexo de ruptura formal coa tradición narrativa (a narrativa da Xeración Nós, o conto tradicional oral de Fole, a novela fantasiosa de Cunqueiro, a novela realista de Blanco Amor...). Tratan de construír unha literatura artificial como recurso para fuxir do mundo hostil que os rodeaba. O mundo das carencias de todo: carencias de literatura, carencias de arte, mesmo carencias de alimentos.

Esta xeración de novos narradores (nados entre a década dos trinta e os primeiros 40) está vinculada por catro acontecementos da cultura galega que tiveron lugar naquela etapa histórica: a celebración das Festas Minervais dende 1953 no Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela, a colaboración periodística no xornal “La Noche” de Santiago, a creación da colección “Illa Nova” da editorial Galaxia e a fundación do grupo “Brais Pinto” en Madrid, de carácter anarcoide e de pensamento nacionalista. Son os mesmos que renovaron a nosa poesía: **a Xeración do 50** ou **Xeración das Festas Minervais**.

De onde beben para a súa nova concepción de narrar? da narrativa universal do XX: de M. Proust a descrición minuciosa dos estados de ánimo (novela psicolóxica); de Kafka o mundo atormentado, *A metamorfose*, fronteira pouco clara entre o real e o soñado; de Faulkner a destrución da lóxica temporal, retrospectións, prospeccións, minutos eternos, eternidades brevísimas...; de J. Joyce o monólogo interior; do psicanalista S. Freud a presenza do complexo mundo do subconsciente (traumas, soños, símbolos...); do “Nouveau Roman” francés (de onde toman o nome: **Nova Narrativa Galega**) o obxectalismo, concédeselle ás cousas a mesma importancia que aos personaxes, que deixarán de ser o centro, o protagonista fica reducido a un pronome EU ou TI, cuxa identidade non interesa, que se atopa perdido,

que busca non sabe que, non sabe por que está aí... E para presentarnos as situacións percorre a superficie das cousas a través da vista como unha cámara de cine.

1.- As innovacións temáticas:

- Domina a presentación da **angustia** e do illamento do home ante o mundo opresivo e abafante que o rodea, o **absurdo existencial** que transmite angustia ao lector. Reflicten a sociedade alienante e insegura da ditadura franquista, de aí o desequilibrio e o illamento dos personaxes.
- Marcadas polo antisentimentalismo, algunhas obras son o testemuño de problemáticas sociais: a emigración, a deshumanización das cidades, pero só se albiscan nun segundo plano e en clave simbólica, mostran a rebeldía e a loita pola liberdade individual e colectiva.
- Espazos urbanos e perspectiva psicolóxica do **espazo**: lugares claustrofóbicos, sórdidos, enigmáticos.
- Apelación a **mundos absurdos**, fantasmagóricos, desacougantes, exploración de situacións estrañas e **opresivas**. Mestura da realidade e do mundo fantástico, **onírico**.
- Presenza do **sexo** (escasamente apreciable na literatura anterior), e da **violencia** e **agresividade**, que moi frecuentemente leva emparellada a **morte**.

2.- As innovacións técnicas :

- O **narrador**: pluralidade de voces narrativas, dun enfoque único pasamos a un enfoque múltiple, onde as voces narrativas se superpoñen, mesturando ás veces as persoas gramaticais. Predomina o narrador en 1ª persoa que nun ton autobiográfico fala para si mesmo, conta as súas vivencias, o ir e vir das súas lembranzas... O enfoque é obxectalista, o narrador non rexistra máis que os feitos que percibiría unha cámara cinematográfica. Usa o **monólogo interior** que lle permite explorar o subconsciente, é un discurso mental non pronunciado, os contidos psíquicos flúen na conciencia do individuo sen orde lóxica (J. Joyce). *Lectura de " Monólogo" Vento ferido de C. Casares.*
- Os **personaxes**: individuos antiheroicos, insignificantes, conflictivos, solitarios, traumatizados por circunstancias que non lle son explicadas ao lector; estados patolóxicos: loucura, desdoblamento da personalidade, non distinguen a realidade do soño, non se comunican con outros seres humanos. *Lectura de " O suicidio" O crepúsculo e as formigas de M. Ferrín.* Moitas veces aparecen obxectualizados, cousificados: non teñen sentimentos. O ser humano é concebido como unha cousa entre un conxunto de cousas, esváese o concepto tradicional de personaxe coherente. O lector debe mergullarse nas reviravoltas do subconsciente para entender as claves da súa conduta.
- O **tempo**: distorsión temporal, botando man da retrospección ou "flash-back", da montaxe de varios planos con independencia do curso lineal en que sucedan ou da ralentización de acontecementos, como a cámara lenta do cine.
- O **espazo**: foxen da localización concreta, domina o espazo urbano e adquire un valor simbólico: claustrofóbico, sórdido...

O corpus da **Nova Narrativa Galega** abrangue unhas vinte obras publicadas entre 1954 *Nasce unha árbore* de Rodríguez Mourullo e 1971 *Adiós, María* de Xohana Torres.

O autor máis destacado é **Xosé Luís Mendez Ferrín** autor de novelas e relatos curtos que comparten a creación dun mundo fantástico, con forte presenza de violencia e elementos políticos tratados de forma

alegórica. Só as primeiras obras deste autor se encadran dentro da Nova Narrativa Galega. Nelas predomina a técnica experimental sobre o interese argumental; tematicamente, trata do absurdo e a falta de sentido da vida, con influencia do existencialismo, mestura elementos reais cos oníricos e os espazos son pechados e obsesivos. A esta etapa pertence: *Percibal e outras historias* (catorce contos, misterio e terror, topónimos e antropónimos exóticos, mestura do mítico co cotián, mundo imaxinario celta); *O crepúsculo e as formigas*, relatos de ambiente urbano hostil, personaxes marxinais e desarraigados, violencia, morte, medo, realismo cru ou naturalismo, insiste na recreación dun ambiente de terror, onde as persoas camiñan como formigas en fila, movidas por forzas cegas que impoñen un trágico destino; *Arrabaldo do norte*, obxectivismo do Nouveau Roman, personaxe anónimo cun obxectivo impreciso nunha cidade descoñecida, descrición da paisaxe urbana desolada).

A partir de 1971 as obras de Ferrín céntranse na preocupación política e nas actuais volta á fantasía e as recreacións míticas bretonas e artúricas ao servizo de temas máis realistas: a política.

Outros autores dentro da NNG son:

Gonzalo Rodríguez Mourullo, autor de *Nasce unha árbore*, obra que se ten considerado como a iniciadora deste cambio de rumbo na narrativa galega, e *Memorias de Tains*, relatos que aparecen baixo a forma de 7 cartas que o narrador dirixe a diferentes destinatarios, onde os personaxes actúan movidos por un destino trágico que os atolda e crea un clima de angustia.

María xosé Queizán *A orella no buraco* narración obxectalista, influenciada polo Nouveau Roman, con rupturas da secuencia temporal. Narra a historia dun emigrante fracasado que volve a Galiza e morre.

Xohana Torres *Adiós, María* a través do monólogo interior e un tempo subxectivo recolle a problemática da integración dunha familia rural no mundo urbano de Vigo nos anos 60.

Carlos Casares comezou coa NNG nas súas primeiras obras: *Vento ferido* (relatos que xiran arredor do sufrimento vital), *Cambio en tres* (novela que presenta os monólogos interiores dun emigrante ourensán que de volta na súa cidade natal lembra situacións do pasado enfiándoas coas vivencias do presente).

Xoguetes para un tempo prohibido, xa do 1975, é unha novela baseada en datos autobiográficos e en experiencias persoais. As súas novelas posteriores son de feitura moito máis clásica.

Camilo González Suárez-Llanos publicou *Lonxe de nós e dentro*, libro de relatos nos que a angustia, a soidade e o absurdo están presentes, e *Como calquer outro día*, unha novela longa que transcorre en dous espazos e tempos distintos. *Cara a Times Square* que a publica tarde, 1980, é considerada a obra que pecha o ciclo.

O espírito renovador que animara a actividade poética dos membros da Xeración das Festas Minervais fíxose extensíbel ao seu labor prosístico. A chamada **Nova Narrativa Galega** introduciu na nosa literatura un novo xeito de narrar, lonxe xa das fórmulas tradicionais da Xeración Nós e alonxándose tamén das fórmulas dos seus contemporáneos (Fole, Cunqueiro, Blanco Amor...), con ela a prosa galega acadou a plena madurez e entrou de cheo no panorama da cultura universal.

(1.357 palabras)

Tema 8.- O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

Tras a suplantación da orde constitucional no ano 36, a cultura galega inicia unha vez máis unha nova travesía do deserto xa que as liberdades son secuestradas e a palabra silenciada. O silencio editorial da literatura galega afectou á poesía, á narrativa e por suposto ao teatro. Ata mediados da década dos 50, a actividade teatral desprazouse ao exilio, onde conseguiu unha continuidade fundamental para a recuperación do discurso literario galego. Foi precisamente en Bos Aires onde se estrou, en 1941, a peza *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, cun considerable éxito e cunha grande importancia simbólica. Porén, no ámbito do teatro hai certas diferenzas con respecto a outros xéneros: non se editan obras teatrais, pero si hai espectáculos teatrais da man dos *Coros populares*, tutelados polo franquismo, representan obras costumistas, estampas folclóricas, politicamente inofensivas, nas que se censuran contidos e diálogos comprometedores.

A posta en marcha da **editorial Galaxia** en 1950, coa súa revista *Grial* e coa colección “Illa Nova” significará o pulo decisivo no proceso de recuperación do teatro galego. A estrea de *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* en 1959 marca a consolidación dese proceso.

A partir de 1950 o teatro galego desenvólvese basicamente en tres liñas:

- ✚ Teatro costumista ou comedia urbana continuando a temática dun sector das Irmandades da Fala
- ✚ Teatro que continúa as liñas modernizadoras de preguerra: Simbolismo, Expresionismo... (*Otero pedrayo*, *O desengano do prioiro*)
- ✚ Teatro existencialista que traduce teatralmente as angurias, problemas filosóficos e pesimismos, o que na poesía se denominou *Escola da Tebra*. Van máis alá da propia realidade social presentando conflitos, situacións e personaxes universais dun mundo problemático. Aflora sempre o seu compromiso co home da posguerra, un home que vive coa angustia do presente e a desesperanza no futuro. Nesta liña están moitas das obras de Carballo Calero, Díaz Pardo, Manuel María...

O trazo xeral que caracteriza o teatro dos anos 1950-1970 é o desexo de transcender a propia realidade física e social na que viven, para presentar conflitos, situacións e personaxes cunha proxección universal, ofrecendo unha visión escura e conflitiva do mundo e da existencia. Non hai lugar para o realismo, non existe un compromiso político de denuncia directa, senón un compromiso co home, con ese home que vive angustiado pola frustración dun presente cheo de acedume e dun futuro imposible. Trátase de teatro máis para ler que para ser representado, pois as posibilidades de seren plasmadas esas obras no escenario eran máis ben escasas.

Nestes primeiros anos de posguerra destaca a figura de **Álvaro Cunqueiro** coa obra de maior orixinalidade *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1959) obra na que aborda un tema universal como é a busca da propia identidade. E faino, igual que sucedía na súa obra narrativa, a través dun mito da

literatura universal: Hamlet, pero revisando e recreando o mito para amplialo con elementos do Edipo e do Orestes gregos. Os textos dramáticos de Cunqueiro adoitan caracterizarse como moi literaturizados; é dicir, que son case «narracións dialogadas», onde a rica prosa do autor de Mondoñedo prima sobre a propia estrutura teatral. Isto relaciónase coas poucas expectativas dos autores de ver os seus textos representados, nas primeiras décadas da ditadura.

O teatro da Xeración dos 50

A publicación do *Don Hamlet* de Cunqueiro constituíu unha proba incontestable de que era posible unha literatura dramática de calidade. O seu exemplo vai ser seguido por un importante grupo de escritores/as que dende diferentes ámbitos literarios, e tendo como referente as novas tendencias e correntes que triunfaban en Europa, inician a aventura no eido da dramática cuns resultados verdadeiramente salientables.

O seu labor creador está condicionado por unha fonda **preocupación sociopolítica**. Aflora o conflito social e individual pola falta de liberdade e a opresión. O texto dramático convértese no instrumento co que facer unha reconstrución crítica da realidade, un instrumento de loita e intervención sociopolítica. Abordan temas moi heteroxéneos: desde a recreación histórica ata o drama psicolóxico.

Daniel Cortezón especializouse na temática histórica: *Prisciliano*, *Os irmandiños* ou *Pedro Madruga*. Estas pezas adoitan presentar unha trama elaborada e complexa na que todos os elementos (ambientación, personaxes...) contribúen a dar unha visión integral do feito histórico que está a representar. Cortezón propón unha revisión da nosa historia, baixo o prisma do nacionalismo comprometido. É partidario dun teatro que contribúa a evitar a perda da memoria histórica.

Xoana Torres presenta en *A outra banda do Iberr* o drama do exilio e as súas causas. En *Un hotel de primera sobre o río* a perda da terra por intereses económicos. Ambas están protagonizadas por mulleres e reflicten a dor que provoca o abandono e destrución da terra.

Manuel María autor dunha copiosa obra teatral iníciase co *Auto do Taberneiro*, *Auto do Labrego* e *Auto do mariñeiro*, pezas todas elas na liña do teatro poético, para a partir dos anos 60, entender o teatro como instrumento de concienciación nacional e social, utilizará o teatro como plataforma ideolóxica e reflexiona nas súas pezas sobre o pasado histórico (Revolución Irmandiña, Mártires de Carral, Guerra do 36 e posguerra...) Creando así un teatro popular e ao mesmo tempo reivindicativo e propagandístico.

O grupo de Ribadavia

A partir dos 60 xorde en Galicia “Teatro Independente”, novos grupos teatrais que veñen renovar o concepto da arte dramática, cumpren unha importante función na axitación política anti-franquista e pró-nacionalista. Perseguían catro obxectivos básicos:

1. Rescatar o teatro das salas convencionais e comerciais, para achegalo ao pobo, tanto urbano como ao rural.
2. Romper co concepto de compañía estábel típica do teatro burgués e apostar pola itinerancia, polo traballo en equipo...

3. Encontrar novos métodos e novas formas de traballo para a creación e para as súas representacións, cun afán experimental: Bertold Brecht, Samuel Beckett, esperpento de Valle Inclán, “teatro do absurdo”...
4. Crear as infraestruturas que permitisen o desenvolvemento pleno da dramaturxia galega moderna e comprometida.

Así, en 1965 nace o primeiro grupo de Teatro Independente Galego, o **“Teatro O Facho”** fundado na Coruña polo dramaturgo, director e actor **Manuel Lourenzo**, logo foron aparecendo pola xeografía galega novos agrupamentos: “Circo”, “Mari-Gaila”, “Troula”... E en **1973**, a **“Agrupación Cultural Abrente”** de **Ribadavia**, vencellada aos círculos antifranquistas e nacionalistas de esquerda, convoca a I **“Mostra”** e o **1º “Certame Abrente”** de teatro Galego. Dende ese ano ata 1980 Ribadavia transformouse no punto de encontro para todos os interesados no mundo do teatro: pon en contacto aos diferentes grupos teatrais, permite contrastar opinións do público e dos críticos, ademais de constituír un gran estímulo para os autores teatrais, entanto a participación no Certame supoñía a representación das súas obras na Mostra e que non ficasen gardadas nun caixón. Morto Franco, os grupos comezaron a normalizar o seu estatus e moitos profesionalizáronse: “Antroido”, Mari Gaila”... pero ante a falta de axuda institucional remataron desaparecendo. En 1984 créase a compañía institucional: “Centro Dramático Galego”.

A importancia dinamizadora dos encontros da **Mostra de Teatro de Ribadavia** foi tal que se adoita empregar a denominación **“Xeración”** ou **“Grupo Abrente”** para agrupar os autores que se deron a coñecer grazas ás distincións recibidas na Mostra. Son un grupo de dramaturgos que foron e son ao mesmo tempo escritores, actores, directores e promotores de compañías... que co seu traballo conseguiron: impulsar a profesionalización do sector; crear un teatro actual e de calidade; comprometido coa realidade social e política; explorar novas fórmulas estéticas do teatro europeo e revisitar os clásicos; conseguiron a normalización lingüística no ámbito teatral, impulsando publicacións periódicas, convocatorias de premios, asociacións dedicadas ao fomento do teatro e e sobre todo serviron de guía para as xeracións posteriores.

Os principais autores do **“Grupo Abrente”** son:

Manuel Lourenzo é unha das figuras máis relevantes do teatro actual, non só como autor, senón tamén como fundador de grupos de teatro e escolas dramáticas (Escola Dramática Galega ou a actual Casahamlet), actor, ensaísta, tradutor, promotor de revistas, director e profesor de actores.

A súa obra ten unha clara evolución temática, concretada en tres liñas: a clásica ou mítica, na que actualiza mitos da tradición clásica grega ou da Materia de Bretaña; a histórica, na que recupera determinadas figuras do pasado histórico de Galicia ofrecendo unha visión anovada delas; e a do «teatro inmediato», na que aflora unha dimensión fortemente inconformista e crítica coa sociedade actual. Son exemplos respectivos destas liñas pezas como: *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza* (Premio Abrente 1978), *Xoana e Veladas indecentes*.

Roberto Vidal Bolaño é outro dos protagonistas do teatro desde os anos 70: autor, actor de cine, teatro e televisión- director, guionista, escenógrafo, iluminista, tradutor...amosou gran facilidade para

converter en materia teatral todo tipo de temas e conflitos, ante os cales ofrecía sempre unha visión crítica e irónica, xa nas súas primeiras obras (de claro matiz antifranquista), xa nas máis actuais. Entre as súas obras máis representativas están *Laudamuco señor de ningures* (Premio Abrente 1976), *Agasallo de sombras ou Saxo tenor*. A súa obra podemos incluíla en dous grupos: no primeiro, os textos que destacan pola incorporación de personaxes, accións, elementos e técnicas da dramaturxia popular. No segundo, aqueles que amosan unha maior complexidade formal e temática e unha visión pesimista da existencia humana mesturada con aceda ironía e a aguda retranca da que sempre fixo gala.

(1.528 palabras)

Tema 9.- A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.

O triunfo dos fascistas na guerra civil supuxo a implantación dunha política cultural e lingüística terriblemente centralizadora e homoxeneizadora, que impuxo un silencio obrigado na nosa literatura.

Como consecuencia da vitoria en 1939 dos militares sublevados contra a República, o labor literario que se comezara a desenvolver no primeiro terzo do século XX ten que trasladarse fóra de Galicia ata 1950, ano da morte de Castelao e da autodisolución do Partido galeguista. Nese ano a loita galeguista abandonaba a escena política e centrárase no labor cultural, impulsado polo grupo Galaxia. Mentres, **entre 1939 e 1950**, o centro da actividade literaria galega pasará a ser México, **Bos Aires** e Uruguai. Bos Aires, cidade na que residían 300.000 galegos/as converteuse nos anos 40 na capital cultural e espiritual de Galicia e posibilitou a continuidade da nosa literatura. Na capital arxentina entran en contacto os emigrados antes da sublevación militar (Blanco Amor, Emilio Pita, Varela Buxán...) cos exiliados (Castelao, Luís Seoane, Ramón Valenzuela...) e comezarán a desenvolver un amplo traballo intelectual, a impulsar a conciencia galeguista e a difusión da cultura galega a través de:

- ✚ **Actos culturais:** conferencias, exposicións, recitais, cursos, certames...
- ✚ Publicación de **revistas e xornais:** a revista *Galicia*, voceiro de Centro Galego de Bos Aires; *Galicia Emigrante* (1954); *A Nosa Terra*... En México a revista *Vieiros*.
- ✚ **Emisións radiofónicas:** o programa *Galicia Emigrante* (emitíase os domingos desde Radio Libertad de Bos Aires, *Sempre en Galiza*, *Galicia en el aire*...
- ✚ **Grupos musicais e compañías teatrais:** Compañía "*Maruja Villanueva*" que representou *Os vellos non deben de namorarse* en 1941, ou a compañía de Blanco Amor "*Teatro popular Galego*" que representou as súas *Farsas para títeres*. O "*Orfeón Gallego*" que divulgaba cancións populares en galego.
- ✚ **Editoriais** que publican libros en galego, moitas delas vinculadas ás figuras de Seoane, Arturo Cuadrado e Rafael Dieste: "*Emecé*", "*Botella al mar*", "*Citania*"... encargadas de publicar obras tan emblemáticas como *Sempre en Galiza* de Castelao en 1944 ou *A esmorga* de Blanco Amor en 1959.

✚ No ámbito **político**: reforzaron as posicións políticas do galeguismo, creando a *Irmandade Galega*; o pacto *Galeuzca* (Galicia, Euskadi e Cataluña); o *Consello de Galicia* que estivo liderado por Castelao ata o 1950. Emprendendo iniciativas como a denuncia ante a UNESCO da persecución da cultura e do idioma galegos perpetrada polo réxime franquista.

Outros lugares de chegada dos exiliados foron: México, EEUU (onde se realizou un importante labor de investigación histórica no seo da universidade) Cuba, Puerto Rico ou Venezuela.

Características da literatura do exilio

As circunstancias socio-políticas en que os exiliados e emigrantes en América desenvolven a súa obra marcan esta dun xeito importante, e motivan unha serie de características que definen a maioría das obras:

* A **poesía** da primeira etapa do exilio está marcada pola esperanza do regreso e caracterizada polo ton de denuncia, nunha liña que anticipa o socialrealismo. Os temas son a emigración e o exilio. Posteriormente, aparece a nostalxia pola patria perdida, cun compoñente mitificador a partir da rememorización e idealización das lembranzas do pasado, propias do mundo dos exiliados, e da reivindicación do pasado histórico de Galicia. Agora, a memoria é o eixo dunha poesía na que non deixa de estar presente o drama do eterno regreso. Continúa tamén a denuncia de claro signo civil, difícil de levar a cabo na propia Galicia.

* Na **novela** predomina o relato realista, no que sobresaí a acción, a desacouante aventura persoal da guerra e da fuxida de España. Son, pois, novelas escritas para contar a experiencia dos seus autores na guerra e no exilio, unha especie de memorias da represión dos anos da contenda e da fuxida daquela dramática situación, non esquezamos que están contadas desde o bando republicano, o dos perdedores. Ao mesmo tempo, coma na poesía, está presente a nostalxia pola terra de orixe, á que idealizan.

* O **teatro** popular galego no exilio pretende manter viva a tradición e o conxunto de costumes e crenzas que configuran o patrimonio cultural do pobo. Pero hai tamén un teatro culto que pretende transmitir a existencia dunha Galicia libre de sometementos alleos, rescatando a memoria histórica.

En resumo, salvo algunhas excepcións, o panorama da literatura no exilio presenta obras nas que prevaleceu máis a vontade e o sentimento ca o acerto estético, a indignación e a reivindicación ca o rigor formal. Son obras marcadas pola experiencia vital dos autores, nas que aparece a **emigración**, o **exilio**, a **denuncia**, a **nostalxia** pola terra de orixe e o desexo de **manter viva a identidade** e a cultura galega.

A POESÍA

Emilio Pita. A primeira obra publicada no exilio foi o libro de poemas titulado *Jacobusland* (1942), libro que pon de relevo a traxedia da guerra civil en Galicia en medio dunha nostálxica visión da natureza galega. Posteriormente publicará outros poemarios *Cantigas de nenos* (1944) e o máis salientable é *O ronsel verdegal* (1964). Pode considerarse como un antecedente da poesía comprometida, sen desbotar por iso a súa preocupación por manter os valores poéticos.

Luís Seoane. Militante do Partido Galeguista, no 1936 exiliouse en Bos Aires sendo un dos iniciadores do movemento cultural galego nesta cidade. Home polifacético, ademais de escritor foi xornalista, crítico de arte e literatura e o máis completo artista plástico (debuxo, pintura, gravado mural) da Galicia da época. Regresou a Galicia en 1963 fundando con Isaac Díaz Pardo o *Laboratorio de Formas de Galicia*, aquí en

Sada.

A súa obra poética iníciase coa publicación de *Fardel de eisiliado* (1952), neste poemario canta a epopea anónima da emigración galega, vítima de determinadas forzas sociopolíticas, nunha liña crítica e combativa, herdeira da poesía cívica de Curros e que terá continuidade con Celso Emilio Ferreiro.

Posteriormente publicará *Na brétema, Sant-Iago* (1956), na que o espazo poético é a Galicia medieval, *As cicatrices* (1959), e *A maior abundamento* (1972), obra esta na que volve á temática da emigración, do exilio e do protagonismo histórico do pobo galego. Tres son os eixos fundamentais da súa poesía: o socio-político, o histórico-cultural e o reflexo do mundo artístico.

Lorenzo Varela. Ao rematar a guerra civil exiliouse en México, marcha despois a Bos Aires e inicia a súa produción poética. En 1944 publica *Catro poemas para catro gravados*, son poemas sobre María Pita, Roi Xordo, o bispo Adaúlfo e María Balteira, que figuran no álbum de gravados de Luís Seoane coñecido co título de *María Pita e tres retratos medievais*. A súa obra máis importante é *Lonxe* (1954), libro que, ilustrado por Luís Seoane, está dominado pola anguria do desterro, tinguido pola saudade e cunha visión case onírica da lonxanía de Galicia. A poesía deste autor é cívica e ategada de lirismo.

Blanco Amor. Publica en Bos Aires *Cancioneiro* (1956), poemario no que plasma poemas de amor, poemas de circunstancias e poemas de raíz folclórica.

A NARRATIVA.

Ramón Valenzuela. Formou parte do Partido Galeguista e despois da guerra civil exiliouse en Bos Aires, onde colaborou en *Galicia emigrante* con narracións. Publica a novela *Non agardei por ninguén* (1957), narrada en 1ª persoa por un fidalgo galeguista republicano, a acción desenvólvese nos anos da guerra civil. Esta temática continúa en *Era tempo de apandar* (1980), ambientada na posguerra. Ambas novelas constitúen un documento narrativo desta época e teñen moito de autobiográficas.

Silvio Santiago. Foxe a Portugal a raíz da guerra, vivindo clandestinamente ata que consegue chegar a Venezuela. Escribiu no exilio caraqueño unha novela que publica ao seu regreso a Galicia en 1961 *Vilardevós*, sobre a súa infancia na súa aldea natal: Vilardevós (Ourense). Escrita con sinxeleza técnica e con intención crítica social, é unha pintura dos costumes populares valéndose das súas lembranzas de neno e mozo no medio rural. Postumamente publicouse *O silencio redimido* (1976), novela autobiográfica na que relata a época da súa condena, fuxida e desterro da España de Franco.

Blanco Amor. Ao falarmos da narrativa galega no exilio, non debemos esquecer mencionar a Blanco Amor, que vai publicar en Bos Aires *A esmorga* (1959), novela considerada por moitos o punto de arranque da moderna narrativa galega. Censurada aquí e mutilada na edición de Galaxia (1970).

O TEATRO

Polo que respecta ao teatro na diáspora, atopamos dous modelos estéticos e temáticos. Así, podemos afirmar que hai un teatro culto, en canto ás técnicas e á temática, e un teatro máis popular, achegado á tradición, ao conxunto de costumes e crenzas que configuran o patrimonio cultural do pobo.

O teatro popular: pezas teatrais enxebrietas, costumistas para emigrantes pouco acostumbrados a ler, pezas que evocan os costumes e ambientes galegos para manter o sentido do orgullo de colectividade galega, exaltando os nosos valores e dignificando o noso idioma. Este teatro apela ao sentimento. É o teatro de **Varela Buxán**, quen emigrou a Arxentina e alí formouse dun xeito autodidáctico, en contacto coas obras de Villar Ponte e Castelao. Fundou a compañía de teatro “Maruja Villanueva” (na que figura a

actriz que lle dá nome e mais Fernando Iglesias *Tacholas*, dous dos mellores actores galegos da época) que faría a estrea de varias das súas obras: *Se o sei... non volvo á casa*, e mais da obra teatral de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*, estrea realizada en Bos Aires en 1941. É o seu un teatro directo, popular, de intención social, de liña cómica e sentimental, encadrado nun ambiente rural.

O teatro culto: diferénciase do teatro popular en que incorpora a estética e as técnicas dramáticas máis modernas da época, con intención de dotar ao noso teatro de categoría e calidade. Son obras de validez universal, con conflitos e preocupacións non exclusivos do pobo galego. Se o teatro popular apelaba aos afectos e sentimentos para espertar a conciencia galeguista, este, chamado “culto”, apelará á razón e ao intelecto. Haberá que citar aquí a obra de **Castelao** *Os vellos non deben de namorarse*, na que se combinan elementos populares con outros das máis refinadas vangardas artísticas; o teatro de **Luís Seoane**, *A soldadeira* (1956), peza de tema histórico social coa Revolución Irmandiña, liderada por Roi Xordo, como pano de fondo, así, a loita dos irmandiños contra os abusos dos señores feudais proxéctase no presente na loita do pobo contra a tiranía de Franco; ou o teatro de **Isaac Díaz Pardo**, autor de *Midas* e *O ángulo de pedra* (Bos Aires, 1957) nas que fai un alegato contra o progreso deshumanizador.

Tamén hai que sinalar o importante labor realizado na diáspora por **Blanco Amor** a prol do teatro galego, mesmo chegando a fundar en 1957 a compañía de “Teatro Popular Galego” en Bos Aires. Blanco Amor escribiu numerosas pezas teatrais que se poden dividir en dous subxéneros:

- ✚ Pezas de realismo costumista, nas que recrea personaxes do mundo rural, escritas para a “xente do pobo”, xente pouco afeita a ler ou ver teatro: *Teatro para a xente* (1974), retrato da miseria política, espiritual e cultural do franquismo.
- ✚ As “farsas”, obras non realistas, moi imaxinativas, con elementos fantásticos e satíricos, que recordan ao esperpento valleincliniano e o teatro do absurdo europeo, dirixidas a un público cultivado: *Farsas para títeres* (1973) nelas fai unha crítica ao poder tiránico, ao racismo, ao machismo, á violencia sexista, noutra trata os problemas que suscitan as herdanzas dos emigrante ricos...

Queda reflectido con esta exposición que o exilio mantivo acesa a chama da cultura galega que non podía desenvolverse baixo a bota esmagadora do franquismo, ao mesmo tempo que garantiu a continuidade do galego como idioma escrito, xa que falado, continuou no seo das nosas familias, das nosas casas, a pesar da prohibición do seu uso nas funcións públicas, e a pesar dos prexuízos que se verteron sobre el, foron polo tanto, en palabras de Castelao: “*uns imperialistas fracasados*”

Castelao díxoo coas seguintes palabras en **Sempre en Galiza** (Bos Aires, 1944):

"Prohibístedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Expulsastes o galego das igrexas, facendo que os representantes de Cristo explicaran o evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugastes o galego ante os Tribunais de Xusticia e chegastes a castellanizar bárbaramente as toponimias galegas. E de que vos serviu? Porque despois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados."

(2054 palabras)

Tema 10.- A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

CONTEXTUALIZACIÓN

(Úsaa para estes tres últimos temas: poesía, prosa e teatro dos 80,90 e actualidade)

Coa entrada no derradeiro cuarto do século XX, Galicia encamiñouse cara á actual situación de normalidade democrática; isto é, un Estado onde se recoñecen a liberdade e a pluralidade políticas. Coa morte de Franco en 1975 comezou o proceso de **transición democrática**. En **1978** aprobouse a actual **Constitución Española** que define os trazos do novo Estado. Neste texto recóllense os dereitos e obrigas fundamentais dos cidadáns, como a igualdade ante a lei ou a liberdade de expresión; tamén se recoñece a realidade plurinacional e plurilingüística do Estado; por iso se crea un **Estado das Autonomías** e cada comunidade autónoma adquire diferentes niveis de autogoberno. No noso caso materializouse no **Estatuto de Autonomía de Galicia(1981)** o que nos dota dunha organización política e administrativa propia-Parlamento, Xunta...Asemade participamos do proceso de creación da Unión Europea que aspira á unión política, económica e a un alto grao de cohesión social.

No que se refire á economía é unha época de grandes transformacións, con elementos positivos e negativos. Xunto a sectores que entran en crise (estaleiros, metalurxia), outros comezan a desenvolverse (téxtil, alimentación). Os investimentos da UE permitiron a mellora das infraestruturas. Mais a política agraria e pesqueira da UE perxudicou seriamente este sector ao limitar de forma importante as cotas de pesca e de leite, ente outros produtos.

En canto á sociedade tamén se perciben importantes cambios. A poboación deixa de ser maioritariamente rural, adicada á agricultura e increméntase o número de traballadores na industria e nos servizos (administración, turismo, comercio...). Por outra banda, deixamos de ser un país de emigrantes para recibir inmigrantes latinoamericanos e africanos, grazas ás expectativas de traballo e progreso.

Respecto da lingua, a aprobación da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía supuxo un cambio definitivo no estatus legal do galego: por primeira vez a nosa lingua vese oficialmente recoñecida e amparada. En **1983** promúlgase a **Lei de Normalización Lingüística**, a través da cal se pretende restituír o galego á normalidade en todos os ámbitos da sociedade, despois de séculos de marxinación. En 1984 comezan a emitir en galego a CRTVG. Produciuse unha clara expansión no mundo editorial coa aparición de numerosas editoriais o que permitiu incrementar e diversificar as nosas publicacións.

(PODES RESUMIR, DÉIXOA UN POUQUIÑO AMPLA PARA QUE A ENTENDAS MELLOR)

O mundo cultural galego vive, xa dende os últimos anos 70, un momento especialmente dinámico e emprendedor motivado en boa medida pola recuperación das liberdades cidadás e pola creación do novo marco administrativo autonómico. Nacen numerosas empresas editoriais e medra considerablemente a cantidade de títulos editados. Aparecen numerosas revistas culturais e de poesía nas que se dan a coñecer os novos escritores e as novas tendencias. Tamén van ser innumerables os certames, os premios e os encontros de poesía que darán lugar a antoloxías e escolmas poéticas publicadas dende finais dos 70 ata hoxe.

A poesía galega inicia una nova etapa a partir de *Con pólvora e magnolias* (1976) de Méndez Ferrín, que supuxo una ruptura co socialrealismo, movemento que comezaba a ser rexeitado como forma inoperante pola súa falta de rigor estético supeditado a una mensaxe social repetitiva. Este poemario abre temas novos e variados: intimismo existencial, metafísica, mitoloxía cultural, político social, redescobre a linguaxe e aparece un novo estilo máis culturalista. (Temos un estudo máis exhaustivo desta obra no tema da poesía de posguerra, *revísao*). Vai ser nos anos 80 cando se poida considerar a nosa poesía máis universal e actual, una poesía caracterizada pola multiplicación temática e formal. Reivindícase a poetas esquecidos, tanto das nosas letras (Manuel Antonio e Cunqueiro) así como doutras universais.

Promoción dos 80

Nos anos oitenta as principais características definitorias da poesía galega son:

- **Ruptura co social-realismo.** Prodúcese un distanciamento entre o poeta e a sociedade.
- Busca de novos suxeitos líricos (=negación da perspectiva autobiográfica)
- **Experimentación e interdisciplinidade** (coa música, a plástica...)
- **Culturalismo e intertextualidade** (emprego de referencias culturais variadas: literarias, filosóficas, mitolóxicas, pictóricas, musicais...)
- **Europeísmo e cosmopolitismo:** espírito renovador e aperturista, redescobren o espírito das vangardas e incorporan movementos artísticos modernos, cunha inclinación á lírica anglosaxona e portuguesa.
- **Apertura a novos temas:** elementos da cultura urbana e marxinal (drogas, depresións...); incorporación do erotismo explícito; recreación mítica. Os temas universais e ineludibles como o paso do tempo, a morte, o amor... son abordados dende unha perspectiva intimista, metafísica e existencial.
- **Preocupación formalista, barroquismo. A poesía é a arte da linguaxe:** céntranse na pescuda de novas formas rítmicas e retóricas e na investigación idiomática á procura dunha nova linguaxe poética de elaborado rexistro e nivel culto.

A cabalo aínda entre o social-realismo e as novas tendencias está: **Darío Xohán Cabana**, con poesías cantadas por grupos como *Fuxan os Ventos*; gran dominador do verso e a linguaxe, é tamén tradutor ao galego de Dante e Petrarca, e nome recoñecido na narrativa actual.

Os primeiros tanteos renovadores (1976-78) virán da man de **colectivos poéticos** de curta duración: **Rompente** (Vigo), poesía rompedora de Antón Reixa, Manuel Romón, **Alén** (Santiago) posía de Mato Fondo, Francisco Salinas e **Cravo Fondo** (Santiago), Rábade Paredes, Ramiro Fonte. A partir de 1980 consolídase a renovación coas características antes citadas pero non compartidas por todos, non hai unha escola, son diferentes escollas estéticas e voces singulares. Destacamos:

- **Xosé M^a Álvarez Cáccamo**, aberto á realidade a través de vivencias familiares: *Praia das furnas* (1983)
- **Miguel Anxo Fernán-Vello** : o amor, corpo, o desexo... e tamén a sombra e a ausencia son os seus temas poéticos.
- **Lois Pereiro**, *Poesía última de amor e enfermidade* (1995). Desde que foi o autor do Día das Letras Galegas en 2011 converteuse nun dos poetas de culto para as novas xeracións pola orixinalidade, modernidade e autenticidade da súa poesía.

Promoción dos 90

A partir dos **anos noventa** é máis difícil aínda falar de tendencias comúns, dado o carácter individualista de cada poeta. A pluralidade é a tónica dominante. Desde o punto de vista formal, achamos desde propostas clásicas (os sonetos de **Miro Villar**) ata o versolibrismo. Ao lado da expresión contida, o minimalismo e a depuración máxima atopamos poetas torrenciais, case narrativos. Ao lado da expresión

directa e sinxela, a presenza do símbolo e o hermetismo. Desde o punto de vista **temático**, uns autores adoptan unha actitude desmitificadora, combativa ou provocadora (no sexual, no ideolóxico, no literario...), mentres outros teñen enfoques máis tradicionais (amor, desamor, soidade, morte...)

Algúns dos factores que determinan a nova situación nos anos 90 son: aparición de **novos premios literarios** (*Espiral Maior*, *Martín Códax*, *Fiz Vergara*...), creación de **novas coleccións de poesía** (*Ablativo Absoluto*, *Espiral Maior*, *Di-versos*...), recuperación de **festivais e recitais poéticos** (grupos poéticos como *Ronseltz*, *Batallón literario Costa da Morte* fan recitais en festas ao aire libre, en pubs, en locais xuvenís... co fin de acercar a poesía ao público), **notable nivel de competencia lingüística** e de formación literaria e desenvolvemento dunha destacada **creación poética feminina cun discurso feminista**.

A poesía dos 90 continúa en esencia a ruta creativa comezada polos poetas da Xeración dos 80, aínda que se tende a mostrar preferencia por una expresión máis directa e menos alambicada, rexeitando o excesivo culturalismo e procurando chegar máis sinxela e doadamente ao lector. Nesa mesma liña están o recurso ao ton coloquial, a maior carga narrativa e o aproveitamento poético do cotián.

Algúns características máis ou menos compartidas poderían ser:

- **Linguaxe máis directa e coloquial**, que resulta máis próxima ao lector.
- Predominio dos recitais, para producir un contacto entre o poeta e o ouvinte, máis que entre o poeta e o lector, nun **intento de democratizar a poesía**.
- Tratamento de **temas sociais** con novas sensibilidades: insubmisión, ecoloxismo, feminismo, anticapitalismo, antiglobalización.
- Algúns difunden tamén os seus versos a través de Internet, tanto en versión texto como en audio e vídeo.

Prodúcese tamén unha importante incorporación da muller á poesía, xa iniciada na década precedente, que proporciona unha nova vertente feminina e feminista (deconstrución do universo masculino-machista, erotismo e sexualidade femininos...): **Luísa Villalta, Yolanda Castaño, Lupe Gómez, Pilar Pallarés, Marta Dacosta, Lucía Aldao, María Lado e Chus Pato**.

Evidentemente, seguen publicando a maioría dos autores anteriores e xorden multitude de novos autores: **Fran Alonso, Carlos Negro, Rafa Villar, Miro Villar**, etc., etc. E a poesía para nenos, **A. García Teijeiro**.

A poesía actual

A efervescencia poética vivida nos 90 foi entrando en devalo co cambio de milenio. Así o testemuñan a desaparición da colección *Ablativo Absoluto* de Xerais, as dificultades de supervivencia da colección *Espiral Maior*. Pero salientan positivamente as coleccións *Leliadoura* e *Di-versos*, certames para novos poetas como *GZCrea*, van aparecendo novas voces sobre as que podemos salientar os seguintes trazos: continúa o peso e relevancia **da escrita feminina e feminista** do período anterior; continúa a liña da **poesía social** dos 90, que recolle temas actuais: violencia de xénero, ecoloxismo, crítica do consumismo... con fórmulas combativas ou ironizantes que pouco teñen que ver co vello socialrealismo dos 60/70; propostas **de experimentación e ruptura formal e temática**; a procura de **novas canles de edición** e

difusión alternativas: a “**ciberliteratura**”, poesía en Rede, blogs, revistas virtuais, portais específicos de poesía... a difusión de recitais e videopoemas (Vimeo, YouTube...). Hoxe é moi difícil publicar un libro en papel con poemas, máis é moi doado compartir na rede (seguramente con máis lectores) as creacións poéticas. As novas voces poéticas que se incorporan na actualidade son: **María do Cebreiro, María Reimóndez, Mario Regueira, Daniel Salgado...** e un longuísimo etc.

A poesía galega goza nos últimos anos dun dos mellores momentos da súa historia en calidade e cantidade, mostra da altura da nosa poesía é que **Pilar Pallarés** vén de recibir o **PREMIO NACIONAL DE POESÍA, 2019**, coa súa obra: *Tempo fósil* na que se plasma a destrución dos soños da clase traballadora, a partir da demolición da súa casa de infancia en Culleredo, xunto a outras 70 vivendas máis, para ampliar a pista do aeroporto de Alvedro.

(Visionado do Documental “Vértice de versos” reúne cinco xeracións de poetas que analizan o recoñecemento exterior á poesía galega e as novas formas de expresión poética)

(1.262 palabras)

Tema 11.- A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.

A transformación socio-política producida desde o 1975 tivo enormes repercusións na cultura galega, que viu aberta a súa presenza en ámbitos ata entón vedados. Por iso medra tamén a industria editorial, coa aparición de novas editoriais e premios literarios. Na década dos 80 houbo un aumento exponencial do número de obras publicado, favorecido pola introdución do galego no ensino, que abre unha demanda potencial de lectores novos con expectativas radicalmente distintas ao lector dos anos setenta (universitario, ideoloxizado...), o que explica a aparición dunha boa literatura infantil e xuvenil e tamén a orientación temática dunha parte considerábel da literatura.

A narrativa de fins de século e principios do XXI hai que clasificala en tres períodos:

1.- A narrativa de 1975- 1985: consolidación da narrativa en galego

Durante a Transición (75-81) agudízase o conflito lingüístico e recupéranse as liberdades: incremento do activismo político, legalízanse partidos, sindicatos. Créanse novas editoriais que impulsan as publicacións en galego. Promóvose a creación literaria a través de premios literarios: Modesto R. Figueirido, Xerais , Blanco Amor... Persiste unha preocupación por recuperar a memoria reprimida durante a ditadura, reedítanse os clásicos: Risco, Otero, Castelao... faise unha literatura testemuñalista da guerra e da preguerra, aínda están en plena actividade : Fole, Neira Vilas, Cunqueiro.

Os novos narradores reducen as preocupacións sociais e as técnicas realistas,utilizan fórmulas máis complexas: construcións alegóricas e experimentalismo formal. Consideran a literatura un medio para reflexionar sobre a identidade colectiva do país ou denunciar as eivas históricas. A partir dos 80 esta preocupación debilítase.

As tendencias narrativas deste período que podemos denominar “narrativa da Transición” son:

1.-*Realismo ruralista e etnográfico*: explora o imaxinario popular do medio rural galego (modelo Fole): Carlos Reigosa: *Homes de Tras da Corda*

2.-*Narrativa memorialista*: guerra do 36 e inmediata posguerra que sufriron en carne propia: R. Valenzuela, *Era tempo de apandar*, Silvio Santiago *O silencio redimido*.

3.-*Narrativa histórica*: recrea momentos do noso pasado: Bernárdez Vilar *Un home de Vilameán* reconstrúe a Segunda Revolución Irmandiña e o ambiente social da Galicia feudal na Baixa Idade Media. **Víctor Freixanes** (actual Presidente da RAG) *O triángulo inscrito na circunferencia*, crea un mundo literario propio, trasunto alegórico de Galicia, a cabalo entre a realidade e o mito, loita apocalíptica entre o Ben e o Mal. **Alfredo Conde**: *Xa vai o griffón no vento*, entrecrúzanse dúas historias por un lado a dun escritor esgotado, profesor da universidade de Provenza, que se entrega á boa vida e ás reflexións sobre Galiza; por outro lado, 400 anos atrás, a historia dun inquisidor enviado a Compostela para perseguir libros protestantes.

4.-*Realismo sociolóxico*: reflicte os conflitos da sociedade galega da época, emigración, industrialización e reconversión, crise do mundo rural: **Xavier Alcalá**, *Fumes de papel*: atranco da industrialización do país, sometido a un atraso e a unha ambición desmedida do capitalismo que trata ao ser humano e á natureza como materias primas para a expoliación. Xosé Fernández Ferreiro, *Morrer en Castrelo do Miño*, alegato contra a política depredadora practicada en Galicia polas compañías hidroeléctricas.

5.-*Narrativa alegórico-social* : resulta da evolución do realismo sociolóxico, incorporando a reflexión sobre a identidade e a historia do país. Mostran de forma alegórica a situación do pobo galego e introducen nunha base realista elementos fantásticos e maravillosos. **Xabier Alcalá**, *Fábula*: a través dunha investigación xornalística, pretende esclarecer a morte dun homosexual socialista asasinado nos primeiros días da guerra do 36. Tamén analiza a complexa realidade política da Transición.

6.-*Narrativa de xénero*: créase unha literatura de masas que cubra os intereses dun público máis amplo, é a chamada “narrativa de quiosco” : western e ciencia-ficción. Fernández Ferreiro, *A morte de Frank González* (1º wester). Lois Diéguez, *Galou Z-28* : sociedade futurista sometida a un poder tiránico que controla aos individuos, van abrollando os xermolos da rebelión.

2.- A narrativa de fins de século (85- 2000)

As características da narrativa deste período son:

- Consolidación da narrativa: aumento de número de obras publicadas.
- Diversificación temática
- Un factor que contribúe a este aumento de publicacións é a introdución do galego no ensino, literatura xuvenil:
 - coleccións específicas: “Barco de Vapor” “Fóra de xogo”

- Premios de literatura infantil e xuvenil: “Merlín”

- Autores especializados: Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Leticia Costas...

- Continúa a fundación de novas editoriais: Sotelo Blanco, Positivas, Ir Indo, Laiovento, Do Cumio...

- Súmanse novos autores ás promocións anteriores e proliferan os experimentos de xénero: **narrativa erótica, policial, novela negra**.
- Prodúcese unha crise da narrativa sociolóxica, substituída polo ensaio e a crónica.
- Erradicación da narrativa etnográfica e ruralista.

As tendencias narrativas e autores deste período son unha continuación do período anterior, destacando, dentro da narrativa de xénero: **ciencia-ficción**, *A sombra cazadora* de Suso de Toro, reflexión sobre o poder manipulador dos medios de comunicación; novela **erótica** de Bieito Iglesias; **novela de terror**, Suso De Toro, *Trece badaladas*: novela gótica de suspense que presenta Compostela como un labirinto no que unha escritora e un produtor de cine se ven atrapados; **novela negra e detectivesca**: Carlos Reigosa, *Crime en Compostela*; **novela histórica**: Darío Xoán Cabana, *Morte de rei*: protagonizada polo último rei galego, Don García, que dende o castelo de Lúa, preparándose para a morte, rememora a súa triste vida paralela á perda do reino; **narrativa urbana e experimental**: exploran novos mundos como a marxinalidade urbana, influídos polas tendencias contraculturais, combinado con experimentación formal. Suso de Toro *Caixón desastre*, *Tic-tac*: aproximación a personaxes marxinais, na vida cotiá urbana, ironía corrosiva ante os discursos do poder; innovacións formais como a incorporación das novas linguaxes audiovisuais.

3.- A narrativa galega nos primeiros compases do século XXI

No que vai de século XXI prodúcese unha redución de edicións a causa de:

- crise económica
- traducións doutras linguas
- publicación de menos obras por parte das editoriais que priman a publicación de obras de autores avalados por algún premio.

As tendencias da narrativa actual son basicamente as do período anterior, destacamos dentro da novela policíaca ou negra as obras de **Domingo Villar** *Ollos de auga*, *A praia dos afogados*, *O último barco* son éxitos actuais tanto en galego como na tradución castelá. O mesmo acontece con **Pedro Feijoo**: *Os fillos do mar*, *Memoria da choiva*, *Os fillos do lume*. Ou **Arantza Portabales**: *Beleza vermella*. (Esta última, recoméndochas, vaiche gustar)

Dentro da novela histórica especialmente fértil sobre todo co tema da guerra do 36, mencionamos de novo a **Suso de Toro**, *Home sen nome*: vello hospitalizado que rememora a súa participación en primeira liña as brutalidades da represión franquista; **Riveiro Coello**, *As rulas de bakunin* (non fai falta que che recolla aquí do que trata...), **Manuel Rivas**, *O lapis do carpinteiro*: historia de amor ambientada na guerra e na inmediata posguerra, *Os libros arden mal*: 92 capítulos que se entrelazan, pero cada un contén a súa

historia autónoma, ofrecendo a visión da cultura por parte dos diferentes sectores da sociedade coruñesa, coa desfeita da guerra e a represión posterior. A súa novela *Todo é silencio*, 2010, non está dentro desta tendencia histórica: en Brétema, un pobo da costa atlántica, as redes do contrabando de tabaco reconvertéronse ao narcotráfico e acadaron tanto poder que estiveron moi preto de controlar o poder social e as institucións. O Mariscal, capo contrabandista, dirixe os círculos do crime e os seus fíos corrompen, pero non sempre, a condición humana. A súa última novela, de 2018, é *Vivir sen permiso e outras historias do Oeste* (tres relatos, un deles inspirou a serie de televisión).

Nestes últimos anos produciuse unha forte eclosión da literatura escrita por mulleres, aínda que esta etiqueta é rexeitada por moitas autoras e con razón. As características son :

- protagonismo feminino
- cuestionamento dos valores patriarcais e dos roles tradicionais
- relación entre mulleres: nai-filla, amigas, avoa-neta...
- reivindicación de figuras femininas importantes na historia.

O volume *Narradoras* é unha antoloxía publicada por Xerais, onde se recollen textos de: M^a Xosé Queizán, Margarita Ledo, Marina Mayoral, Marilar Aleixandre, Luísa Villalta...

Rosa Aneiros, autora de *Resistencia*, e *Sol de inverno*: ambientada na guerra do 36, fuxida de Galiza, bombardeos sobre Barcelona, saída a Francia e ao exilio en Cuba da protagonista coa súa familia.

Teresa Moure, *A xeira das árbores*: nai solteira, con tres fillos de pais diferentes e tradutora de profesión. *Herba moura*: ambientada no século XVII e protagonizada por Descartes, a raíña Cristina de Suecia e Helène Jans, meiga residente en Amsterdam.

María Reimóndez, *O club da calceta*: seis mulleres ofrecen unha profunda reflexión sobre a condición feminina na sociedade actual.

4.- O ensaio nas últimas décadas

Dentro da prosa actual goza dun forte auxe o ensaio, continuando o labor iniciado polo grupo Nós, na preguerra, e Galaxia, na posguerra.

Este auxe provocouno:

- a aparición de revistas de análise, debate e pensamento: “Luzes de Galiza”, “A trabe de ouro”, “Tempos Novos”.
- coleccións específicas para este xénero nas principais editoras.
- galeguización de certas esferas universitarias que desenvolven liñas de investigación propias sobre Galiza, en galego, nas máis variadas disciplinas.

Hoxe contamos con importantes obras de: ensaio económico; ensaio político e xurídico; ensaio histórico: Justo Beramendi, X.R. Barreiro, Ramón Villares; ensaio sociolóxico, ensaio cultural e artístico: sobre todo no eido do mundo do teatro, cine, artes plásticas; ensaio lingüístico: Pilar García Negro, Teresa Moure: *Outro idioma é posible*; ensaio teolóxico e filosófico: Chao Rego, Torres Queiruga; ensaio antropolóxico e etnográfico; ensaio feminista; ensaio biocientífico e medioambientalista.

5.- Mestura de xéneros

Durante os primeiros anos 90 tivo lugar a aparición dun conxunto de textos que participaban da ficción realista aproveitando ao mesmo tempo elementos procedentes da crónica xornalística: Miguel Anxo Murado *Ruído*, presenta a súa experiencia como correspondente na guerra dos Balcáns; *Fin de século en Palestina*, 2008.

6.- Novo subxénero

A partir do 2000 rexistramos a aparición dun novo subxénero, vinculado ás novas tecnoloxías: os diarios, os blogs, os “cadernos de bitácora” de Internet, como por exemplo *Melodía dos días usados* de Anxos Sumai.

A dificultade de agrupar e enumerar todos os autores e autoras, todos os xéneros e tendencias narrativas dos anos 80 e 90 e dos 20 anos que levamos do século XXI, veñen a demostrar que temos unha das narrativas máis vivas, sas e prolíficas do noso país.

(1.685 palabras)

Tema 12.- O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores do 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

O cambio de réxime vivido á morte do ditador Franco conlevou unha mudanza radical no terreo literario, reorientando e diversificando a oferta. O mesmo sucede no teatro, no que se produce unha revitalización que nunca tivera na nosa historia literaria, mais de todos os xeitos continúa a ser “a irmá pobre” da literatura, gozando dunha posición inferior á poesía ou á narrativa.

Podemos distinguir tres **fases** no teatro actual:

a) **Formación de compañías profesionais** (1978-1983). Grupos nados ao redor das Mostras de Ribadavia emprenden a aventura de facer do teatro a súa profesión, superando polo tanto a fase de afeccionados na que debían vivir doutro traballo. Podemos destacar *Sarabela Teatro*, en Ourense, como compañía exitosa que segue en 1ª liña na actualidade, tamén *Mari-Gaila*, *Troula* compañías que xorden arredor das Mostras de Ribadavia. No plano estético, as obras de intencionalidade política explícita ou alegórica van deixando paso a propostas máis diversificadas e máis complexas.

b) **Institucionalización** (1984-1991). O primeiro fito é a creación do **Centro Dramático Galego** (1984), primeira compañía pública dependente da Consellería de Cultura, ademais da convocatoria de diversos premios amparados por outras institucións públicas. Xorden ademais novas compañías profesionais (*Teatro do Morcego*, Cangas, 1989), *Chévere*, *Matarile Teatro*, *Teatro do Atlántico*

c) **Desenvolvemento** (ata a actualidade). Multiplícanse as compañías profesionais: *Talía Teatro*, *Berrobambán*; *Lagarta*, *Lagarta*; *Teatro do Andamio*; *Mofa e Befá...*, e aparecen outras de teatro alternativo ou experimental; e ponse en funcionamento a Rede Galega de Teatros e Auditorios (1996) o que permite unha oferta máis estábel e descentralizada; no curso 2005/06 arranca en Vigo a Escola Superior de Arte Dramática, primeiro centro oficial para o ensino e aprendizaxe teatrais.

Ao longo destes 30 anos van aumentando tamén as publicacións e coleccións de teatro, como os *Cadernos* da Escola Dramática Galega ou os *Libros* do Centro Dramático Galego publicados por Ed. Xerais, pero tamén neste campo o teatro é a “*Cinsenta*” da literatura.

Dentro das transformacións que sofre o teatro nas últimas décadas do século XX, distínguense dúas promocións:

1.- Promoción dos 80

As súas obras sitúanse nos últimos anos do franquismo e no nacemento da Galicia autonómica. A diferenza do grupo *Abrente*, esta promoción mantén unha relación menos estreita co teatro, de xeito que moitos deles acadaron maior éxito noutros xéneros, como a poesía. O seu interese por acadar novas linguaxes determina neste grupo unha vertente culturalista que se materializa nun fondo lirismo e contido simbólico. As características do seu teatro son:

- frecuente recurso ao metateatro
- teatro culturalista cun forte compoñente simbólico e irónico.
- rexeitamento das formas lúdicas e presenza do humor á beira do absurdo ou ao servizo da ironía e da parodia.
- os procesos de abstracción levan a unha práctica de anonimía dos personaxes (máscaras, bonecos como personaxes)

FERNÁN BELLO, LUÍSA VILLALTA, XEXÚS PISÓN, ANTÓN REIXA ... son algúns dos autores teatrais desta promoción.

2.- A promoción dos 90

Manteñen unha relación máis estreita co teatro. Confírmase nesta década un compromiso profesional co teatro galego, cada vez máis favorecido polas axudas á normalización que emprenden as autoridades: premios, subvencións, festivais...

Trazos desta xeración:

- menor carga simbólica
- preferencia pola intertextualidade
- redescuberta da comedia e da temática histórica
- converxencia entre literatura dramática e espectáculo
- primacía do carácter lúdico sobre o trascendental
- introducen dúas tendencias iniciadas no Grupo Abrente: neorruralismo e intertextualidade

3.- Tendencias e autores do teatro actual

Ao contarmos cunha oferta moi diversificada, é difícil atopar unhas características comúns a todo o teatro desta época, pero a maioría dos estudosos sinalan catro liñas que con frecuencia se entrecruzan: a **crítica**, a **irónica**, a **lúdica** e a **culta**.

3.1. Teatro de crítica: o teatro comprometido perde o carácter abertamente belixerante e politicamente directo da etapa anterior e botan man do humor, da ironía e a sátira para criticar tipos, situacións e aspectos da nova realidade: corrupción, violencia, explotación laboral...

Por exemplo o teatro de **GUISÁN** que ofrece unha crítica do sistema cultural establecido, ironiza sobre moitas eivas morais do home culto: pedantería, hipocrísia, frustración, vaidade, envexa... Outros exemplos de visión crítica son os dramas de:

RAÚL DANS, *Matalobos*: traxedia rural expresionista relacionada coas vellas historias de desafiuamento dos caseiros que leva ao labrego a se transformar en criminal. *Derrota*: retrata un mundo marxinal e violento: drogaditos, camellos, policía corruptos e violadores, asasinos, carteiristas, un mundo urbano atroz.

XESÚS PISÓN: crítica ao pobo galego en xeral, a todos aqueles que destrúen ou permiten que destrúan Galiza. Mestura o elemento ecoloxista coas lendas tradicionais e coa mitoloxía vampírica: *Ei, Feldmülhe! Fantasía do Valadouro con vampiros*. Outras obras deste autor tamén se centran nas relacións de parella: comunicacións e violencia na parella, ou no conflito entre irmáns.

INMA SOUTO, *Os cárceres do esquezo*: retrata a crueza, a través das lembranzas dun reporteiro xubilado, do mundo no que vivimos, repleto de guerras, fame e doenzas.

CÁNDIDO PAZÓ, *A piragua*: violencia de xénero.

QUICO CADAVAL, *Obra (No comment)* : tres obreiros de diferentes partes do mundo que viven, discuten e soñan mentres traballan na construción dun rañaceos neoirquino. O autor cuestiona a orde mundial capitalista.

GUSTAVO PERNAS, *Medidas preventivas*: con humor negro aborda temas como o falseamento da democracia, a comunicación, o consumismo, a insolidariedade, a xenofobia e a vilolencia. *Taras*: denuncia as miserias que agocha a industria téxtil e o mundo da moda.

3.2. **Teatro culturalista** : caracterízase pola utilización do xogo do “teatro dentro do teatro” e pola reflexión sobre a relación vida/ escena.

3.3. **Teatro neorruralista**: como a obra *Matalobos* de Raúl Dans.

3.4. **Teatro que recorre á intertextualidade**: recreación de textos da dramaturxia universal, ou facendo adaptacións de novelas galegas *O lapis do carpinteiro*, *O clube da calceta*, *A esmorga* do grupo Sarabela.

QUICO CADAVAL, *Noite de reis*, adaptación da obra de Shakespeare.

CÁNDIDO PAZÓ, *Nano*, baseada na novela de Suso de Toro, *Tic-tac; E ti quen vés sendo?* grupo de indixentes que representan o *Anfitrión* de Plauto.

2.5. **Teatro lúdico**: utiliza como xénero favorito a comedia: de enredo, policial, musical... Obras de QUICO CADAVAL ou CÁNDIDO PAZÓ.

2.6. **Teatro histórico**. CÁNDIDO PAZÓ, *García*: protagonizado polo último rei galego Don García, desposuído do seu trono polos seus irmáns e fechado no presidio, reflexiona dialogando con Rodrigo, quen pretende liberalo, sobre o poder e a liberdade persoal.

2.7. **Teatro experimentalista**: por exemplo o teatro de MIGUEL SANDE que é innovador, arriscado, que xoga cos límites e convencións do xénero. *39 veces chao* onde as chamadas de móbil pautan o ritmo do monólogo dunha muller de 38 anos sumida nun marasmo sentimental.

A pesar das dificultades que o teatro sempre atopou para desenvolverse e para chegar a ser representado nas salas, sobreviviu á chegada do cine, da televisión, de internet... e sobrevivirá ás restricións que as circunstancias sanitarias actuais impoñen, porque o teatro é un espectáculo máxico dende a Grecia e a

Roma clásica e o teatro galego moderno e de calidade sabe conxugar a suma de todas as artes, por iso perdurará, non o cres ti así?

(1.161 palabras)